



# Murgúa

Revista Galega de Historia

Nº 2 xuño-agosto 2007

Breogán e os fillos de Mil,  
segundo o *Leabar Gabhala Érenn*

O culto aos mortos

O monte Seixo,  
o monte máxieo

O misterioso libro de  
San Cibrán

O conto marabilloso

Xosé R. Mariño,  
antropoloxía cultural

## Mitos e imaxinario colectivo na Galiza

Antonio Reigosa  
Carlos Solla  
Xoán Ramiro Cuba

Félix Castro  
Xosé Miranda  
Francisco Javier González

Antón Fraguas  
Xosé R. Mariño Ferro  
E moito máis...

1

## O Libro de San Cibrán Unha realidade no imaxinario popular

Félix Francisco Castro Vicente

Unha das figuras máis recorrentes no imaxinario popular galego xunto co da Santa Compañía, os aparecidos, os trasnos, os mouros, é o Libro de San Cibrán, popularmente coñecido por "cipriánillo", intimamente relacionado co tema dos tesouros agochados. O Cipriánillo é un grimorio, é dicir, un libro que recolle fórmulas máxicas, atribuído a San Cibrán de Antioquía, o santo meigo por excelencia, e no que unha parte fundamental se dedica ao desencanto de tesouros. Inclúe tamén en moitas edicións unha listaxe de Tesouros do Reino de Galiza e de Portugal, con localizacións precisas de onde atopalos.

En todas as parroquias de Galiza sempre houbo alguén do que se dicía que tiña o famoso libro, ben agochado, co que tentaba cambiar a súa sorte mediante a busca dos tesouros que na famosa listaxe se relacionaban, e abundaban os contos de como hai anos algún veciño fora unha noite a certo lugar desenterrar un tesouro coa axuda do tal libro, historia que xeralmente remataba mal. Moitos autores do s. XIX e principios do XX aseguraron que o Cipriánillo nunca existiu, ou que era simplemente un caderno de receitas máxicas que se empregaba para enganar os incautos.

Pero o certo é que o Libro de San Cibrán existe e existiu, non era un invento de mentes quentes e adoecidas polo brillo do ouro. Circulaba caladamente entre os paisanos, moitos deles exemplares impresos de procedencia portuguesa, outros copias feitas a man, e os seus posuidores sempre se preocuparon ben de telo agochado e que ningúen soubera del. Todos foron mercados a prezo de ouro, polo que para o conseguir moitos

tiveron que vender toda a súa facenda. Así foi reflectido no poema de Curros Enríquez "O Ciprianillo", e tamén o propio Vicente Risco cando conta no seu traballo *Los Tesoros Legendarios de Galiza* publicado en 1950 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, que nos anos 20 e 30 se chegaban a pagar 500 ptas por un libro que en Portugal ou no Brasil podía valer 3 ou 4 ptas.

Toda esta especulación económica levou ao historiador Bernardo Barreiro a publicar en 1885 na súa obra *Brujas y Astrólogos de la Inquisición y el Libro de San Cipriano*, unha versión moi parcial do mesmo coa fin de que toda a xente o puidera adquirir barato e ver o absurdo do seu contido para destruír así a súa fama e mais a febre dos tesouros.

Por estas razóns pódese afirmar sen esaxerar que non houbo na Galiza nunca un libro máis buscado, que espertase más paixóns e desexos de posuilo até o punto de que moita xente tollese, enfermase ou se arruinase economicamente só por tentar acadar un exemplar do mesmo ou unha vez conseguido por pór en práctica os rituais que nel se contiñan. Semella que non hai testemuñas de xente que se fixese rica grazas ao Ciprianillo, mais seguramente o que ocorreu foi que quen se fixo rico por estes medios mantívoo en segredo para evitar roubos, como pasa hoxe en día cos gañadores da Lotaría. Porén moitos dos inicialmente felices posuidores do Libro non o foron tanto despois xa que esgotaron capital e saíde a buscar os magníficos tesouros prometidos.

Na Galiza circularon lendas que situaban o devandito Libro nalgún departamento reservado da Biblioteca da Universidade (segundo outros da Catedral) de Santiago, onde se atopaba encadeado para que ningún incauto o puidese abrir e ler (ou pensamos que para que o Libro non puidese escapar de alí). O mesmo se dicía doutros famosos arquivos da península, o propio Bernardo Barreiro conta que cando estivo a traballar no Arquivo de Simancas, Valladolid, ían até ali labregos casteláns pedirlles unha copia do famoso Libro.

Até tal punto se agochou que hoxe en día non coñecemos, despois dun tempo de anos a buscalo, de ningúen que teña un exemplar antigo do devandito libro, si referencias en aldeas de xente que o puido ter pero que agora xa non son posíbeis de achar. Mesmo xa Manuel Murguía na súa época tampouco chegou a ver ningún, polo que dende aquí emprazamos sobre a urgencia da conservación de todo este tipo de literatura que pola mudanza dos costumes ou pola súa atribución a ideas supersticiosas dos nosos devanceiros ás que non se lle dá ningún valor remataron as más das veces no lixo ou no lume cando na reforma dunha casa aparecía un libro destes agochado no oco dunha parede ou despois da morte dun familiar entre as pertenzas más prezadas do defunto.

### A figura de San Cibrán

O santo ao que se lle atribúe a redacción do libro é San Cibrán de Antioquía, que viviu no século III D.C., (non ten nada a ver con San Cibrán, Bispo de Cartago, co que frecuentemente é confundido). O relato da vida de San Cibrán más coñecido (aínda que xa hai citas no s. IX) é o recollido nas diversas obras publicadas co título de

*Flos Sanctorum* (entre elas a do padre jesuíta Pedro de Ribadeneyra editada en Madrid no 1599). Segundo estes relatos San Cibrán naceu en Antioquía (cidade que na actualidade pertence a Turquía); seus pais, idólatras e posuidores de grandes riquezas, destinárono polas súas cualidades no culto dos falsos deuses. Foi home de grande cultura, viaxeiro (por Grecia, Exipto, a India e Caldea), e profundo coñecedor das artes máxicas.

Aos trinta anos convértese ao cristianismo grazas á predicación de Antipo, bispo de Antioquía, e por culpa dun episodio que lle aconteceu: un mozo chamado Aglaide namorouse dunha rapariga chamada Xustina e pídea en casamento, que ela rexeita por estar consagrada a Xesucristo. Aglaide recorre a Cibrán para que Xustina acceda aos seus desexos, e non o dá acadado coas súas artes máxicas. Daquela, Cibrán invoca a Lucifer para que lle diga por que son inútiles os sortilexios con Xustina, ao que lle responde que o Deus dos cristiáns é o Señor de todo o creado polo que el tamén está suxeito ao seu poder, e que non podía facer nada contra quen fixese o signo da Cruz. Entón San Cibrán renegou del e converteuse ao cristianismo co abandono da práctica da Maxia, mais segundo a tradición popular antes recolleu nun libro todos os seus coñecementos máxicos. Posteriormente Cibrán e Xustina levaron unha vida de oración e predicación até que o Xuíz Eutolmo os mandou ao suplicio. Foron decapitados o 26 de Setembro á beira do río Gallo na cidade de Antioquía (as súas reliquias foron repartidas entre Roma, Toulouse, e León).

A fama de San Cibrán como máxico estendeuse por toda a cristiandade e pasou posteriormente á memoria popular ao mesmo nivel que outros famosos meigos da Antigüidade, como Simón o Mago e Salomón, aos que tamén se lle atribúe a autoría de numerosos libros máxicos. Como exemplo da popularidade do santo e da vixencia da súa lenda, transmitida de xeito popular durante séculos até hai poucos anos, temos os pregos de cordel coa súa vida en verso coma este do que se reproduce á dereita a portada e que foi publicado no século XIX pola imprenta El Abanico.

A San Cibrán ademais fixérono patrón das artes máxicas, dos feiticeiros e das meigas, e o seu nome estivo vinculado a numerosas prácticas máxicas, tanto conxuros como oracións, como a famosa Oración de San Cibrán, que vale para protexerse de maleficios de calquera tipo. Os estudosos consideran a historia de San Cibrán coma un dos antecedentes do desenvolvemento da figura doutros meigos famosos, entre outros a de Fausto (sendo do s. XVI os primeiros relatos da vida deste).

En Cataluña a devoción ao Santo debeu ser moita xa que Palau no seu *Manual do Libreiro Hispanoamericano* cita oito folletos publicados coa Oración de San Cibrán, á veces acompañada da Oración á Santa Cruz de Caravaca, escritos en catalán e en cas-





telán. Destas obrñas reproducimos a portada da editada en Manresa, pola Sociedad Editorial Manresana.

Noutra orde de cousas, tamén foron populares en Portugal dous Almanaques publicados nos últimos anos do séc. XIX en Lisboa, á maneira do *Mentireiro Verdadeiro* galego ou do *Calendario Zaragozano*, co título de *Almanach de S. Cibrán*. Nestes almanaques inclúense ademais dos contidos usuais, como calendarios, tempo que ha ir, lunacións, etc., fórmulas máxicas procedentes dalgún exemplar do Ciprianillo, e mesmo listaxes pequenas de tesouros, entre eles do Reino de Galiza (no primeiro número refírense dez tesouros).

Os almanaques dos que temos coñecemento son: *Almanach de S. Cipriano, O feiticeiro*, do que existen na Biblioteca Nacional Portuguesa do nº.1

(1890) a 5 (1894), e foi publicado en Lisboa pola Livraria Económica, 1889-1893 (que tamén publicou unha das edicións do Ciprianillo más antigas que vimos), e o *Verdadeiro Almanach de S. Cipriano, o grande! O mágico! O feiticeiro! O diabólico!* dos que existe na Biblioteca Nacional de Lisboa varios números, do 1 (1892) ao 22 (1914), e foron publicados pola Livraria Popular de Francisco Franco, Travessa de S. Domingos nº.60, Lisboa.

#### O Libro de San Cibrán e os libros de maxia

O Libro de San Cibrán encádrase perfectamente na categoría dos grimorios ou libros de nigromancia, o que significa que é un libro de maxia ritual dedicado á maxia negra. Aínda que unha grande parte do mesmo se dedique á maxia branca (curación de enfermos, etc.), o certo é que en todos eles aparece ainda que sexa unha mínima parte de maxia negra, o que fai que caian directamente na devandita categoría. Os límites entre maxia negra e branca son moi difusos e suxeitos a numerosas discusións. Para algúns ocultistas non existen ambas as maxias, senón soamente a Maxia, igual que a Ciencia, que non é de seu boa ou mala, senón que depende do uso que se faga dela. Para outros a Maxia Negra é toda maxia que se faga en beneficio do meigo e que coarte a liberdade doutra persoa ou as prexudique (segundo este concepto a maxia amorosa ou carnal tamén podería ser maxia negra), e neste caso para o acadar invócase decote a espíritos infernais para os pór ao servizo do nigromante.

A palabra grimorio é unha palabra escura da que non se sabe moi ben a súa procedencia, para algúns é unha palabra xenuinamente española, da que despois derivaría a francesa grimoire, segundo outros é ao revés, tamén se relaciona coa palabra gramática, grammaire, coa idea dun conxunto de regras, neste caso máxicas. A palabra



Nigromancia, da que se coida que derivou a de Maxia Negra por confusión de termos, provén do latín e este á súa vez das palabras gregas Necros e Mantica, é dicir, adivinación invocando aos mortos (como facía Circe na *Odisea* de Homero). Na Idade Media o termo pasou a designar a maxia diabólica xa que se cría que era imposible que os mortos volveran á vida mediante conxuros, senón que eran demos os que acudían á chamada en forma humana ou a través da animación de corpos de defuntos. A Nigromancia está relacionada coa Goetia ou Goecia, que é a maxia que se realiza invocando a espíritos malévolos ou demoníacos, a diferenza da Teurgia que se practica invocando a anxos ou espíritos bos.

Verbo do seu contido, articúlase en grande medida arredor do concepto de pauto con potencias suprahumanas tanto demoníacas como celestiais (influenciado pola Cábala e a relixión xudea), esta idea de pauto ten unha xénesis culta que se difundiu por Europa cara o s. IX. Os grimorios acotío dividense en tres partes, a preparación do propio nigromante e dos utensilios máxicos (que implicaba moitas veces o emprego de materias primas moi difíciles de conseguir, partes de animais, metais preciosos, etc., construídos nuns días e horas moi concretos) e a realización do círculo máxico para se defender das potestades que se invoquen (tanto no chan como en teas), e finalmente a posta en práctica do ritual e das receitas máxicas para facer (que decote teñen un contido absurdo, o que fixo que moitos ocultistas célebres afirmaran que as devanditas receitas eran alegóricas).

Richard Kieckhefer, no seu libro *La Magia en la Edad Media*, Colección Drakontos, Editorial Crítica, 1992, di que os fins perseguidos nos grimorios son basicamente influír nas mentes e nos desexos dos demás (xa sexan persoas, animais ou espíritos para que fagan ou deixen de facer algo), actuar sobre a natureza física de persoas e animais para lles facer ben ou mal, influír sobre as cousas, elementos do tempo ou continxencias incertas do futuro, e por último crear ilusións, descubrir segredos ou ver feitos pasados, presentes ou futuros. Para isto emprégase un elemento visual (círculos máxicos ou talismáns, etc.), un oral, a realización de esconxuros (neste ordénase ao espírito que faga algo, a diferenza da oración na que soamente se pide), e un de acción (realización de sacrificios, ofrendas, maxia simpática, etc.).

Os grimorios combinan a maxia astral, tipicamente árabe e de orixe persa e grega (que actúa polo poder dos astros celestes e depende a súa efectividade de certos signos celestes, días, horas, posicións planetarias, todo isto canda fumigacións e aspersións), cos exorcismos (tipicamente cristiáns e xudeus), a maxia natural (o que os antigos consideraban a ciencia oculta, que se refire ao emprego de sustancias naturais), e a maxia diabólica (na que interveñen seres infernais), categorizacións que na práctica non eran doadas de facer e que levaron os eruditos da Idade Media a se enguedellar en discusións de se un tipo de prácticas máxicas eran diabólicas ou non.

Canto á orixe dos grimorios, esta é incerta, sábese que no Antigo Exipto xa existiron libros que recompilaban conxuros. O seus más claros precedentes proceden da maxia babilónica, que influiu na maxia xudía. Nos derradeiros séculos do Imperio Romano circularon extensamente obras de maxia, moitas delas de posibel orixe xudía,

que deixaron a súa impronta posteriormente nos grimorios medievais. En Europa comezou a súa difusión a partir do s. XII ao se producir unha serie de cambios no mundo da cultura e da vida intelectual europea (o florecemento das Cortes e das Universidades como centros culturais á marxe das escolas catedralicias e dos mosteiros, o que promoveu unha sede intelectual de busca en fontes alleas á ortodoxia ou no coñecemento clásico atesourado polo mundo islámico, que herdou da Antigüidade Grega xunto co saber clásico, a Astroloxía e a Alquimia, que se incorporan neste século ao saber europeo, e ademais dentro do saber árabe tamén se difundiron os coñecementos máxicos xudeus).

No s. XIV xa aparecen mencionados algúns libros máxicos, baseados nos ciclos que despois han ser más famosos, coma o de Salomón. No s. XV, a chegada do Renacemento, a caída do Imperio Bizantino coa invasión de Constantinopla polos turcos, e a expulsión dos xudeus da Península Ibérica, provocan a difusión xeral do saber clásico e dos coñecementos máxicos xudeus. A época de máximo esplendor da práctica da maxia ritual corresponde ao período que vai entre 1480 e 1680, cando se editan moitas das obras clásicas de maxia (ex. as obras de Johannes Tritemius, H.C. Agrippa, John Dee, Pedro de Abano e de Giordiano Bruno).

O emprego deste tipo de libros foi sempre dentro dos ámbitos cultos e eclesiásticos xa que as clases populares non sabían ler. Abundan nos anais históricos as referencias a condenas de frades, monxes e cregos pola súa posesión. Circulaban por vilas e cidades copiados á man en segredo, polo evidente perigo que tiña a posesión deste tipo de libros.

A difusión e a popularización dos grimorios produciuse nos séculos XVII e XVIII (sobre todo en Francia), posiblemente por mor do incremento dos niveis de alfabetización da poboación, cando caen algúns en mans de mestres impresores e se deciden a publicalos ao ver a súa rendibilidade económica. Facíanse ocultando frecuentemente, para evitar condenas, o editor, título da obra, ou con lugares de impresión falsos. Os más famosos impresores foron os Irmans Beringos de Lyon, dos que a súas obras se converteron en clásicos que áinda hoxe se seguen a reeditar. Dada a súa grande acollida axiña outras librerías deron en publicar grimorios de contidos e calidades moi variadas, moitas veces cos mesmos títulos, o que provocou un grande confusionismo. Na Península Ibérica, por mor da vixencia da Inquisición, é improbable que houbase unha grande industria de edición de grimorios, e consta que algúns dos que circulaban por aquí eran importados de Francia ou doutros países ou mesmo eran traducións dos publicados noutras terras.

— 67 —  
veces que la varilla un libro mortificante ni causa sentimiento alguno por non que se pase por un lugar donde se calcula que hay bestias, monstros, etc., ocultos, y esto es producido por causa de encantamiento la que priva que por mas que se traga y se come con todas las reglas dichas anteriormente no se consigue restituir alguno. Entonces se apresará plenamente devorandose aquél lugar del modo siguiente:



la oración si-  
guiente. Señor  
reservo d'eu-  
xilio, misericordia,  
Señor, confie  
mud este obrá  
para lo que so-  
ñaste, obre-  
noso as cosa  
el pecado que el

mento determinante y determinante el angel del Señor, des-  
pues de las invocaciones, y si angel del Señor, por tanto, si  
empieza a Alpho, Omega, Ely, Roldo, Blasius, Zobaco, Blas-  
ion, Salomón. He aqui el lema anterior de la obra de Judío  
ariyan de Basilea. Yo abriro el libro y así nito sellas. Yo  
abriro a Salomón con una lata cada del círculo. Faz mis  
quintas hoñas dentro el poder de producirse tales nubes que  
se dren despegan a los crepúsculos y a las amanecidas empujan  
nos diablos al suyo Blas, Blas, Zobaco, Blas, Es-  
meralda, Adonis, Jash, Tzadik, Geronimo, Sodoma, La Tierra y  
cambios, la helada cosa de Blas, porque al fin ha hecho sobre  
los mares, y colgando sobre los ríos. Queda en el que subió a  
la montaña del Señor. El instante de muerte y conversión per-  
sona, que no se resiste, se sienta muerta, y no ha ju-  
gado todo a su proprio, sera bendecido de Dios, y gozara de  
su misericordia para su salvación. Este es de la generación

Dende mediados do s. XVIII os grimorios caeron en descrédito, non sendo até o s. XIX cando rexorde a afección por este tipo de literatura da maxia ceremonial e o ocultismo en xeral (a pesares da chegada do racionalismo e a cultura científica) coas obras de Francis Barret, Eliphas Levi, Papus, C. W. Leadbeater, Aleister Crowley e Arthur E. Waite. Nesta época reeditáñanse os grimorios más famosos dos séculos anteriores e publicase un novo xénero de grimorios "fantásticos" (inventados), fundamentalmente polo establecemento da propiedade comercial e intelectual e a prohibición de copiar libros doutros editores e autores. Isto fixo que se tivese que buscar materiais inéditos en antigas bibliotecas que, dada a súa pouca lonxitude, tiñan que editarse en compilacións cos máis diversos títulos (*O Tesouro do Vello das Pirámides*, *A Galiña Negra*, *Segredos das Artes Mágicas*, *O Libro Negro da Maxia*, e algunas edicións do Libro de San Cibrán, *Tesouro do Feiticeiro*, como logo veremos).

Na Península Ibérica existen citas de grimorios dende datas moi temperás, segundo refiren Menéndez Pelayo e Julio Caro Baroja nas súas obras, dende o século XIV, case todos eles Libros ou Clavículas de Salomón, espallados por toda a xeografía, Barcelona, Palmas de Gran Canaria, Toledo, Burgos, Cuenca, etcétera. Aínda así, toda esta corrente literaria como xa dixemos debeu ser menor dada a persecución da Inquisición.

Os grimorios más famosos e influíntes de maxia negra foron popularizados a través das edicións publicadas en Francia durante o s. XIX (que proviñan de edicións do s. XVIII, moitas veces italianas) e en España no cambio do s. XIX ao XX, coa cita a seguir dos más importantes os que gardan máis similitude co Ciprianillo: o *Gran Grimorio del Papa Honorio*, escrito supostamente polo Papa Honorio III. Existen diversas edicións, a más coñecida a de París de 1670, e a de Roma de 1760 (as españolas están baseadas nesta, entre outras a da Librería de Rosendo Pons, de perto do 1915), ten unha parte conforme ao ritual católico, de exorcismos e oracións, e outra de invocación aos sete espíritos infernais (Surgat, Lucifer, Frimost, Astaroth, Silchard, Bechard, y Guland), segue unha listaxe de diferentes receitas mágicas coas finalidades típicas, amor, saúde... (este grimorio ten parentesco co *Grimorium Verum*, traducido do hebreo por Plaingiere, Dominico Xesuíta, e publicado supostamente en Memphis, por Alibeck, o Exipcio, en 1517, realmente é francés, de 1817).

Outro grimorio famoso sería o *Dragon Rouge* (O Dragón Vermello), do que circulan numerosas versións, a más coñecida de Nimes de 1825, e en castelán entre outras a da editorial Maucci de arredor do 1910 e a suposta de Venecia (realmente Madrid) de 1905 por Enediel Shaiah. Esta edición comparte con algúns Libros de San Cibrán gran parte dos seus contidos, e tamén co *Le Grand Grimoire* (O Gran Grimório), grimorio do que se coñecen numerosas edicións, as más famosas as francesas de 1750 e 1845 (hai unha edición española de 1820), é o grimorio europeu por excelencia e ten servido de modelo para moitos outros, e é ao que más se asemellan algunas versións do Ciprianillo. Un libro editado en castelán praticamente idéntico a este é o titulado *Los Secretos del Infierno*, a edición más coñecida é a do Mago Bruno, editada por Rosendo Pons en Barcelona, de perto do 1910, reedición suposta dunha francesa de Nimes, do

ano 1823 ou 1835. E finalmente citaremos a obra *Clavículas de Salomón o sea el Secreto de los Secretos traducido del hebreo por Iroe el Mago*, xa que dada a súa similitude co Grimorium Verum e algúns Libros de San Cibrán podería considerarse un grimorio de maxia negra, ao incluir tamén pautos con espíritos demoníacos.

Entre finais do s. XIX e o primeiro terzo do s. XX, houbo un grande número de edicións de grimorios (incluído o Libro de San Cibrán) no Estado Español, sobre todo en Barcelona e en Madrid, ao principio por editores e libreiros (Manuel Saurí e Rosendo Pons en Barcelona, e por Francisco Pueyo en Madrid, entre outros), e posteriormente por editoriais, por exemplo Maucci e Sintes de Barcelona. Despois da Guerra Civil, desaparecen estas publicacións pola censura cultural e relixiosa da dictadura e proliferan as edicións realizadas en países como Arxentina e México (por Domingo Ferrari e editoriais como Caymi e Saturno). Coa democracia vólvense a publicar no Estado Español estas obras (en editoriais como Edicomunicación S.A., Humanitas, Edaf, etc.) pero case sempre sen explicar a procedencia das edicións reeditadas e coa novidade, en concreto nos Libros de San Cibrán, de publicar traducións de edicións portuguesas.

Segundo os ocultistas, os verdadeiros libros de maxia endexamais foron publicados, por mor do perigo inherente para o seu propietario pola fixación deses coñecementos en soporte escrito, coñecementos que pasarían máis ben oralmente de mestre a discípulo (como moito o propio mago había realizar notas para o seu emprego persoal sobre as súas receitas e experimentos). Isto non lles quita valor aos libros impresos dos que estarnos a falar como obras de ocultrismo. O formato típico deste tipo de libros sempre foi pequeno, oitavo e incluso dezaseisavo, a miúdo sen pórtadas nas tapas da encadernación nin no lombo ningún título nin texto para os facer doadamente escondíbeis e discretos de xeito que non delatasen os seus donos.

### Características do Libro de San Cibrán

O Libro de San Cibrán, como xa dixemos, pódese considerar propriamente coma un típico grimorio cunha parte importante de maxia negra ou nigromancia. O seu contido é o usual deste tipo de libros e cadran algunas versións (non as portuguesas) basicamente co esquema e cos contidos doutros famosos grimorios do s. XVIII e XIX, coma o *Grimorium Verum*, *Grand Grimoire*, e *Dragon Rouge*, xa que conteñen a preparación do mago e do seu instrumental máxico, rituais máxicos de esconxuro con listaxes de potencias infernais, e finalmente unha listaxe heteroxénea de fórmulas máxicas para os más diversos fins. O seu contido relaciónase en menor medida con outros libros da literatura máxica, como a Clavícula de Salomón, do que son debedores case todos os grimorios antes mencionados.

Como diferenzas más relevantes con respecto a outros grimorios son o pouco interese nas formas ritualizadas da maxia, dada a pouca profusión nos ciprianillos de pentáculos e círculos máxicos, a influencia católica na súa confección, xa que abundan nas diferentes versións (menos na versión de Jonás Sufurino e no Heptamerón dos que falaremos despois) oracións, novenas a santos, exorcismos, etc. e por outra a grande

importancia do desencanto de tesouros, coa inclusión nalgúns versiós, sobre todo as portuguesas, dunha listaxe de tesouros do Reino de Galiza e de Portugal, razón posíbel da súa popularidade nesas zonas. Outra característica salientábel é a difusión xeográfica do Libro de San Cibrán, xa que a súa publicación abrangue toda a Península Ibérica e países de Latinoamérica, fundamentalmente Brasil (neste país xa existían edicións do s. XIX e posibelmente anteriores), México e Arxentina. En Europa curiosamente agás unha tradución italiana moderna dunha versión de Jonás Sufurino e o feito de que en Dinamarca e outros países escandinavos se lle chame *Cyprianus* ao libro de fórmulas máxicas do mago, semella que é totalmente descoñecido xa que non se atopa nos índices bibliográficos de libros de maxia más coñecidos (Caillet, Dorbon-Ainé, etc.). Desta grande difusión deriva a cantidade de versións diferentes que hai, e as edicións modernas do s. XX que se poden atopar (superando as corenta, ainda que se reducen a unhas cantas versións básicas), moitas delas froito dunha reelaboración popular, cousa impensábel neste tipo de libros en que frecuentemente a súa autenticidade e lexitimidade vén dada pola fidelidade do copista o do novo editor á versión antiga.

O país en que máis difusión e popularidade ten hoxe en día é o Brasil, onde existen máis de vinte versións diferentes, a meirande parte delas reelaboradas en época moderna, mesmo actualizadas (coa perda de partes inútiles para aquelas latitudes como, por exemplo, a listaxe de tesouros do Reino de Galiza e de Portugal, e coa inclusión de fórmulas máxicas e crenzas daquelas latitudes), con tiraxes de milleiros de exemplares, e até chegaron algunas das edicións más vendidas á vintecincoava edición hai algúns anos. A razón deste grande número de libros vendidos é que alí é un dos libros básicos da Umbanda, a maxia “negra” brasileira, case a súa “Biblia”. Mientras que aquí este libro non pasa de ser unha rareza bibliográfica alí imaxinamos que se segue a mercar cunha intención utilitaria. Hai unha obra moi interesante, *São Cipriano, uma legenda de massas*, do ano 1985 da Editora Perspectiva (Brasil), de Jerusa Pires Ferreira, que trata este tema naquel país, comentando máis de dez edicións distintas (*O Libro de São Cipriano, O Antigo e Verdadeiro Libro de São Cipriano, O Libro de São Cipriano o Feiticeiro, Livro Vermelho e Negro de São Cipriano, O Poderoso Livro de São Cipriano, Livro de São Cipriano das Almas, O Antigo Livro de São Cipriano, o Gigante e Verdadeiro Capa de Aço, O Livro Negro de São Cipriano*, etcétera).

Isto afasta o Libro de San Cibrán doutros grimorios, que ficaron inalterados nos últimos dous séculos e son mercados fundamentalmente por curiosos e colecciónistas, e faino un libro vivo e cambiante que se soubo adaptar aos tempos e segue a ser un libro popular a todos os niveis, ainda que a parte de procura de tesouros e do pauto con potencias infernais pasou a un segundo plano para que gañase protagonismo a de receptor máxico.

Respecto da súa demanda e dos seus prezos, semella que as tornas viraron. No século XIX na Península Ibérica o Cipriánillo era un libro moi raro e caro, até case dubidarse da súa existencia, mentres que hoxe é doadoo atopar edicións impresas modernas baratas en calquera tenda. Así e todo hoxe é moi buscado e solicitado en Hispanoamérica, proba disto é que dende que publicamos un artigo sobre o Cipriánillo

na *Revista Hibris* de bibliofilia no 2005 (que estivo parcialmente dispoñible en Internet unha tempada) recibimos unha enxente de e-mails de Latinoamérica, máis de trinta, pedíndonos o Libro de San Cibrán e o Libro Infernal. Os e-mails proceden sobre todo de México, Colombia, Chile, Arxentina, Venezuela, e mesmo Cuba, e moita xente afirma que levan moitos anos a buscalo e algúns mesmos nos dixo que soamente atopara un exemplar que llo querían vender por 6.000 \$.

Respecto da autoría, é evidente que San Cibrán difícilmente pudo ser autor do libro que se lle atribúe, xa que moitas partes do mesmo son de séculos posteriores (por exemplo o de cartomancia), ademais cadra en partes con grimorios aparecidos principalmente no s. XVIII e XIX, polo que a súa adscrición é máis ben unha maneira de lle dar autoridade ao libro en cuestión, igual que outros libros se atribúen a Simón o Mago ou a Salomón, polo que os seus autores foron persoas anónimas que foron engadindo fragmentos ao libro durante un longo tempo. Como xa dicía Enediel Shaiah, recompilador dunha das mellores versións do Cipriano, nun comentario no cap. VI do Libro Primeiro: “*Como verá el lector, las partes que componen EL LIBRO MAGNO DE SAN CIPRIÁN, no tienen la pretensión de estar escritas por el famoso mártir de la Iglesia, y constituyen un repertorio de procedimientos mágicos, atribuidos en su mayor parte al arrepentido hechicero que completan los diversos datos sacados en distintos autores y de muy variada procedencia. EL LIBRO DE SAN CIPRIÁN auténtico que reproducimos, no pasa de ser (ni pretende tampoco otra cosa), una recopilación de fórmulas, procedimientos y tradiciones, que constituyen un conjunto no siempre armónico, acogido a una prestigiosa denominación, que le sirve de título y consagrada divisa, entre los grimorios catalogados por la bibliografía general del ocultismo.*”

É difícil chegar a unha conclusión sobre a data da súa elaboración, en primeiro lugar porque as diferentes versións son de épocas diferentes, e porque nunha mesma versión frecuentemente conflúen materiais de datación distinta (por exemplo a versión de Jonás Sufurino semella claramente do s. XIX polo seu carácter recompilatorio doutras obras). Autores galegos e portugueses como Vicente Risco e Moisés Espírito Santo achaban as primeiras edicións do Libro de San Cibrán do s. XVI, segundo Bernardo Barreiro, que estudou os procesos da Inquisición en Galiza nos séculos XVI e XVII nin a Inquisición nin o pobo galego coñecían esta obra (o que non quere decir que non se puidera coñecer noutras zonas xeográficas), polo que o considera un produto de finais do s. XVIII como moi cedo. Barreiro cita o proceso da Inquisición no 1802 contra o presbítero de Ferrol D. Juan Rodríguez pola posesión do Libro de San Cibrán, e esta é posiblemente a primeira cita desta obra nun proceso en Galiza, ainda que xa aparecen citas na metade do s. XVIII de libros para atopar tesouros sen especificar o seu título. As versións que circulan hoxe en día deben ser do s. XIX ou da segunda metade do s. XVIII, polo seu contido e porque moitas, ao ser de finais do s. XIX, indican que son reedicións doutras obras anteriores. Isto non implica que non puidera haber libros co nome de San Cibrán en épocas anteriores xa que na obra do famoso mago Heinrich Cornelius Agrippa (1486-1535), que foi médico na Corte de Carlos V, titulada *De incertitudine et vanitate Scientiarum* (Colonia, 1527), cita libros de nigromancia atribuídos a Cibrán.

O etnógrafo verinés Taboada Chivite considera o Libro de San Cibrán como do s. XVI ou XVII e fai mención ao investigador danés Gustav Henningsen. O problema é que este investigador non falaba precisamente dos cipriánillos ibéricos, senón dos libros de maxia coñecidos como *Cyprianus ou Sybrianus, ou Black Books* (*Svarterboka* en noruegués), que circularon por Dinamarca e en toda Escandinavia manuscritos, moi populares entre os labregos. Aqueles libros máxicos eran tamén atribuídos ao mago Cibrán e contiñan todo tipo de fórmulas máxicas.

Ás veces supúñase que procedían da Faculdade Teolóxica de Wittenberg ou Wittenburg, cidade alemá berce do protestantismo.

Outras veces dicíase que o Black Book fora escrito en sangue e entregado segundo algunas historias polo mesmo diabo aos meigos que facían pacto con el, na Escola de Maxia Negra sita na mesma cidade de Wittenburg, o profesor era o propio demo e tiña como libro de texto o Libro Negro e levaba en corpo e alma o último alumno que se graduase, áinda que este podía enganalo ao lle entregar o seu abrigo ou a súa sombra, historia cun evidente paralelismo coa do Marqués de Villena e a Cova de San Ciprián de Salamanca.

Decote dicíase que era copia dun libro escrito por un ministro luterano dinamarqués no ano 1608 ou dun libro escrito polo bispo inglés

John Fell no século XVII. Esta última é a típica atribución dun libro máxico a un personaxe real histórico, é certo que John Fell (1625-1686) escribiu un libro titulado *Saint Cyprian* no ano 1682, pero este libro era unha tradución ao inglés dos tratados teolóxicos atribuídos a San Cibrán de Cartago, non era un libro de maxia.

Hoxe en día consérvanse por volta de cento cincuenta libros soamente en Noruega, case todos manuscritos, de contido heteroxéneo, algúns con partes similares que indican un antepasado común. Foron especialmente populares a partir do ano 1800 cando a aprendizaxe da lectura se empezou a difundir por todas as capas da sociedade. Estas características poden ser extrapolábeis a Galiza, non sendo que aquí non se conservou que saibamos edicións manuscritas e que se popularizaron a finais do século XIX as edicións impresas do mesmo.

Para alén da data da súa xénese e da súa autoría, é innegábel o interese e o valor intrínseco que ten a obra na historia da maxia e dos grimorios en Europa, malia o maltrato e desprezo que sufriu por parte de moitos autores (Rafael Urbano, Juan Blázquez Miguel, entre outros), que a cualificaron como un "cúmulo de receitas e conxuros", sen lle dar sequera a categoría de libro, cando esta obra ten tanto dereito a chamarse grimorio como todos os demais publicados en Europa durante os s. XVIII, XIX e XX, e aliás é con diferenza o grimorio máis popular hoxe en día no mundo e é case o único que



GALICIA — RETRATO DE LA ALMA DE SAN CIPRIÁN.

Acuarela para el boleto Memorial de Villena.

(Museo del Quijote) (verano 1998) p. 161-162.

tivo a súa xénesis (polo menos nunha grande parte) e desenvolvemento na Península Ibérica e que inclúe unha listaxe de lugares con tesouros para os desencantar.

#### Referencias ao Libro de San Cibrán na literatura

Na literatura galega, moitos autores fixeron breves referencias ao Libro de San Cibrán nos seus libros de contido etnográfico. Quen tratou do libro de San Cibrán más a fondo, polos seus coñecementos ocultistas e polo número de referencias, foi Vicente Risco. Tratou del no seu artigo inacabado "O demo na tradición popular galega (I)", publicado no nº 30 da revista *Nós*, do 15 de xuño de 1926, páxinas 1 a 5; na *Historia de Galiza* de Ramón Otero Pedrayo, no que se ocupou do apartado de Cultura Espiritual no libro *Biografía del Diablo* (1ª edición do ano 1947, da Editorial Labor), en numerosas páxinas da obra (entre elas na 54 a 64, 185, 196 a 202); e no seu traballo "Los Tesoros legendarios de Galiza" publicado en 1950 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo VI, 1950, caderno 3º, editado en Madrid. Outro autor que tratou bastante o tema foi o historiador Bernardo Barreiro, no seu libro, editado no 1885, *Brujos y Astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso Libro de San Ciprián*, no que alén de falar algo do libro publicou unha versión moi parcial do mesmo para o popularizar entre a xente e que os crédulos deixaran de pagar sumas inmensas por un exemplar, tamén o citou nuns artigos que publicou sobre os "Arquivos da Inquisición en Galicia, apuntes sobre bibliografía e lectura prohibida" no tomo III da *Revista de la Ilustración Gallega y Asturiana* correspondente aos anos 1881 e ss.

Ademais deles outro autor que si que tratou profundamente o tema, absolutamente descoñecido e do que pensamos publicar un artigo proximamente, é Enediel Shaiah, grande ocultista galego en palabras de Vicente Risco, que publicou a edición máis completa do Libro de San Cibrán que existe en castelán, con abundantes comentarios e adicóns, do que houbo polo menos tres ediciones, das que falaremos máis adiante.

Tamén fala Manuel Murguía do Cipriánillo na súa obra *Galicia*, editada no ano 1888, reeditado por Xerais no ano 1982, no seu tomo primeiro, páxina 177, Nicolás Tenorio fai unha breve referencia ao Libro de San Cibrán no libro *La Aldea Gallega*, publicado por primeira vez en Cádiz no ano 1914, e reeditado por Ediciones Xerais de Galiza na súa colección de Extramuros no ano 82. No libro de *Apariciones en Galicia* de José María Castroviejo, editado no ano 1953, no capítulo en que fala de "tesoros y otras cosas". No libro *Etnografía Galega. Cultura Espiritual* de Xesús Taboada Chivite, Galaxia 1972, no capítulo dedicado ás crenzas máxicas e a bruxería fala do Cipriánillo (páx. 130 e 131), onde amosa que tamén era un profundo coñecedor do libro, tamén o cita na súa obra *Folclore de Verín*, editada pola Imp. de La Región, Ourense, en 1961, no capítulo dedicado á maxia, e na parte dedicada á etnografía que escribiu no libro *Los Gallegos*, editado por Editorial Istmo no ano 1976, na páx. 208.

Posteriormente hai numerosas citas en diversos libros, áinda que moitos deles non engaden nada novo e limitanse a repetir e a recoller o escrito polos devanditos autores, sobre todo por Vicente Risco, co sobranceamento da edición de Xosé María Álvarez Blázquez dunha parte dun Cipriánillo portugués, editada na Colección *O Moucho*,

Vigo, no 1974, onde ademais realiza un estudo das localizacións dos 174 tesouros citados nas versións portuguesas na topografía galega.

Outras citas, sen ser exhaustivos, son a entrada "Ciprianillo" da *Encyclopédia Galega* editada por Silverio Cañada no ano 1974, que escribiu Antón Fraguas Fraguas, a do libro *El Folklore en los Castros Gallegos* de José María González Reboreda, editado no ano 1971 pola Universidade de Santiago de Compostela e outras como por exemplo a de *Galicia: Brujería Superstición y mística* de Ana Liste, editado por Penthalon ediciones (a terceira edición do ano 1987, páxinas 126 e 130); *Leyendas Gallegas: De Breogán al Fin del Mundo* de Pedros de Frutos García, Ed. El Caldero de Lug, páxinas 44, 45 e 46 do primeiro tomo e, recentemente, na *Guía da Galiza Mágica*, de Vítor Vaqueiro, editada por Galaxia no ano 1998.

Fóra de Galiza, o Ciprianillo tamén foi citado en numerosas obras de etnografía, xa que foi unha obra popular no resto da península, áinda que non acadou a fama que tivo na Galiza e no norte de Portugal, e no Brasil. Por citar algúns autores, Rafael Urbano no seu artigo "Un libro apócrifo de Magia. El Libro de San Cipriano", publicado na revista teosófica *Sophia* (1893-1917); en Asturias, Miguel I. Arrieta Gallastegui, A. de Llano. E más recentes son Juan Blázquez Miguel, Jesús Callejo e José Antonio Iniesta; o Padre António Lourenço Fontes en Portugal, e a brasileira Jerusa Pires Ferreira.

Interesante é a mención do salmantino Juan Barco, nun artigo da revista *Galiza* (Ano 2, nº 2, febreiro do 1888), no que vencella o Ciprianillo coa famosa Cueva de San Ciprián de Salamanca que pertenceu á antiga Iglesia de San Cebrián, desaparecida no século XVI. A entrada foi tapiada por orde da raíña Isabel a Católica ante a crenza xeral de que nesa cova o propio Demo lles ensinaba aos estudantes de Salamanca nigromancia e artes máxicas, en grupos de sete, coa obriga de pagar un dos sete, elixido por sorteio, o ensino de todos, xa fora en metálico ou co seu corpo e alma. É especialmente famosa a historia do Marqués de Villena na que ao lle tocar a el pagar e non ter diñeiro, déixano pechado na sancristía, pero consegue fuxir nalgúnhas versións coa venda da súa sombra ao diaño. Estas lendas espalláronse por toda Europa e América e foron obxecto de numerosas obras literarias de autores como Calderón de la Barca, Cervantes, Rojas Zorrilla, Walter Scott, Washington Irving, etc. Hoxe en día só queda parte da cripta despois de anos de abandono.

Así e todo, nos estudos europeos sobre bibliografía esotérica europea non aparece citado en absoluto, nin na obra de Albert L. Caillet *Manuel Bibliographique des Sciences Psychiques ou Occultes. Sciences des Mages. - Hermetique. - Astrologie. - Kabbale. - Franc-Maconnerie. - Médecine ancienne. - Mesmerisme. - Sorcellerie. - Singularité*. Paris: Lucien Dorbon, 1912, que ten unhas once mil entradas de obras ocultistas, áinda que, todo hai que dicilo, coma sempre a mención de obras editadas no Estado español e no portugués brilla pola súa ausencia nin na *Bibliotheca Esoterica. Catalogue annoté et illustré de 6707 ouvrages anciens et modernes qui traitent des Sciences Ocultes comme aussi des Sociétés Secrètes*. Libraririe Dorbon -Ainé, da que nós examinamos a edición feita no ano 1975 por Editions du Vexin Français, Brueil - en Vexin, Yvelines 1975. Tampouco apa-

rece citado o libro como tal (unicamente ás veces soamente San Cibrán como famoso nigromante) en obras monumentais sobre magia como o *Dictionnaire Infernal* de Collin de Plancy (1783-1881), nas obras de Charles Lancelin, P. Christian (Jean Baptiste Pitois), Eliphas Levi e Idries Shah. Si fala Montague Summers na súa obra *Witchcraft and Black Magic* (Riders, Londres, 1946) de que en Dinamarca e Escandinavia se denominaba *Liber Cyprianus* a calquera grimorio e que na Idade Media foron atribuídos todo tipo de conxuros medievais a San Cibrán.

Tamén parece ser que nas primeiras épocas do cristianismo xa houbo conxuros máxicos dos coptos cristiáns adscritos ao santo mago. Curiosamente, a única obra máxima que atopamos na que é parte esencial San Cibrán, ademais do Cipriano e a Oración de San Cibrán, é o chamado *Verus Jesuitarum Libellus*, o Verdadeiro Libro dos Xesuitas, que contén as más poderosas conxuracións para todos os malos espíritos de calquera xénero, condición, estado ou oficio, E a más poderosa e aprobada conxuración do Espírito [Usiel]; o cal se lle engade A Invocación Dos Anxos de CIPRIANO E a sua Conxuración dos Espíritos que gardan Tesouros Agochados, xunto coa forma da sua despedida. Paris, 1508 (data suposta xa que é posterior).

Nesta obra, o conxurador pídele ao espírito, coa *Chamada dos Anxos de Cibrán* e unha *Conxuración dos Espíritos de Cibrán* (que non parece necesariamente que sexan demoniacos senón o Espírito Usiel e Espíritos gardadores dos tesouros) que lle traía "...(dende as profundidades dos mares) N. Millóns do mellor ouro español sen ningún disturbio...". Curiosamente tamén nalgúns contos galegos os paisanos lle pedían ao demo que lles trouxera o diñeiro do fondo do mar para que non fora diñeiro roubado a ninguén.


O *Verus Jesuitarum Libellus* apareceu no volume segundo de *Das Kloster*, obra alemá editada por J. Scheibl entre 1845 e 1849 en Stuttgart, co título de *Das Kloster; Geistlich und weltlich.; Bibliothek der älteren deutschen Volks, Wunder Curiositäte und vorzugsweise komischen Literatur. Zur Kultur und Sittengeschichte in Wort und Bild*, e pódese consular nos *Esoteric archives* de J.H. Peterson ([www.esotericarchives.com](http://www.esotericarchives.com)).

### O Libro de San Cibrán e a busca de tesouros

Esta inclusión das listaxes de tesouros no Libro de San Cibrán é unha feliz combinación entre antigos grimorios e as famosas gacetas de tesouros, libretas con listaxes de tesouros que circularon pola xeografía peninsular, denominadas de moitos xeitos, gacetas, liendas, tumbos, etc... Foron especialmente populares en Asturias e en Galiza dende datas moi temperás. Os tesouros referidos nestas listaxes sitúanse en lugares perfectamente localizábeis na toponimia, o que acredita que a xente que fixo as listaxes coñecía a zona que citaban polo que é factíbel que viviran na Galiza. Sitúanos acotío en antigos restos arqueolóxicos (castros, túmulos, dolmens), ou en lugares especiais pola súa conformación natural (fervenzas, rochedos, etc.), e tradicionalmente dicíase que os agocharan os Mouros (seres lendarios habitantes dos castros), en menor grado romanos, e mesmo carlistas. Os gardiáns frecuentemente eran os mouros, as serpes, ou os encantos (rara vez se atopa a mención do demo como gardador, quizais, como di Vicente

Risco, as únicas que existan sexa pola influencia de grimorios como o Cipriánillo, e non pertenzan á tradición oral galega).

Porén se cadra o tema dos tesouros ten unha base real xa que hai que ter en conta que o noroeste da Península Ibérica foi famoso dende a antigüidade clásica pola abundancia de ouro e metais preciosos, ademais da grande cantidade de restos arqueolóxicos que se atopan nesta zona. Tal foi a cantidade de tesouros que se atoparon en monumentos prehistóricos na Galiza que nos s. XV e XVI creouse polo goberno do Reino de España o cargo de Comisario para Tesouros de Galiza que, xunto con outras medidas como dar ao licenciado Vázquez de Orjas licenza para abrir todas as "tumbas de galigrecos", desencadeou unha verdadeira febre de busca de tesouros. Tamén houbo febres semellantes noutros lugares da península, en Valencia, Murcia, en zonas e en épocas en que a economía non era moi boiante.



talismánes se colocarán debajo de los círculos que sostienen los cirios benditos, poniendo tres coronas de verbena, albahaca ó flor cogidas en la noche de San Juan. Es igual

Realmente os labregos galegos non pactarían co demo por afección, nin para obter poder, sabedoría ou amor, senón porque era o único xeito segundo eses libros de facerse co diñeiro. Posibelmente a popularidade do Cipriánillo na Galiza non foi máis que o crux reflexo da grande necesidade e da falla de perspectivas económicas na nosa terra, e que visto que non había ningunha maneira de medrar economicamente, empregábanse os medios más inverosímiles (como agora o de facer oposicíons, que abofé é máis efectivo). Se xa pediran axuda ao cacique qué máis tiña pactar co demo para conseguir diñeiro, ou mellor

era pactar co demo que co cacique xa que aquel pedía contraprestacións a máis longo prazo. Dende logo á Igrexa non podían acudir xa que deles non sacaban ren, antes esquilmábanos cos décimos e dicíndolles que foran bos que así gañaban o ceo. Os paisanos eran prácticos, preferían ter nesta vida e lamentalo despois a laiarse agora e ter unha enchente permanente no ceo, que moita promesa si pero ninguén volveu farto para o contar.

Que as listaxes de tesouros e os grimorios coñecidos como Libros de San Cibrán non fixaran parte nun inicio dun mesmo corpus pode ser a razón pola que existen versións do Cipriánillo sen listaxes de tesouros, e nas que a busca de tesouros non é a parte fundamental, senón unha máis, por ser froito dunha situación socioeconómica diferente, por exemplo na edición do *Libro de San Cibrán y Santa Justina* editada en Cataluña é máis importante a función de San Cibrán como avogado contra os maleficios, ligamentos, etc. E abundan as oracións para preservar os animais da enfermidade e os eidos das pragas (lóxico, porque tiñan animais e eidos).

As listaxes que se poden atopar hoxe impresas en diversas versións do Ciprianillo son unha de tesouros de Portugal, da zona de Porto de D. Gazua, de 148 tesouros, e outra de 174 tesouros do Reino de Galiza, moi detalladas xa que describe tanto o lugar en que se atopa como o contido do tesouro (por exemplo “*Na encruzilhada de Lobios, a trinta e dois passos ao nascente, debaixo de um regueiro de pouca fluêncía, ficou um covo de pedra com uma abada de ouro*”). Noutras versións a listaxe de 174 tesouros redúcese a 146 e non se detalla o lugar onde se atopa o tesouro nin o seu contido, senón que só se fala do pobo en que está, pero a listaxe é a mesma. A propia listaxe reza que foi atopada nos ...*cimientos del Castillo Morisco de D. Gutierre de Altamira en el año 1065, año en que D. Fernando, el Grande, entregó los dominios de Galicia a su hijo García...* (situando a listaxe na Biblioteca Académica Peninsular Catalani, de Barcelona, biblioteca da que era propietario D. Gumersindo Ruiz de Castillejos y Moreno, mais non temos atopado polo de agora dato algúin nin da biblioteca nin do bibliófilo a pesar de que aparece mencionado nunha edición portuguesa do Libro de San Cibrán do s. XIX). Na edición publicada pola Editorial Castrelos de Vigo, Colección *O Moucho*, en 1973, o seu autor Xosé María Álvarez Blázquez localizou topográficamente todos os tesouros contidos na referida listaxe e corresponden fundamentalmente a localidades das provincias de Ourense (comarcas de Verín, A Limia, e O Ribeiro) e Pontevedra (comarcas d'As Neves, Mondariz e Salceda de Caselas).

### O Ciprianillo no imaginario popular

No canto de citar contos e relatos que se poden ler en moitos dos libros de lendas e contos galegos que se atopan nas librarias, ou falar de historias semellantes, imos tentar extraer dos mesmos unha serie de elementos comuns a todos eles.

Hai que empezar dicindo que as historias de busca de tesouros e aquelas nas que aparece citado o Ciprianillo son basicamente iguais nos seus elementos, rara vez é citado nouros contextos, agás ao falar de curandeiros e meigas que se dicía que empregaban receitas do libro. A diferenza básica entre as historias típicas de mouros e tesouros encantados e aquellas nas que aparece o Ciprianillo é que é este libro o que dá a localización do tesouro e o procedemento para desencantalo, polo que pode ser que en moitos dos relatos (sobre todo nos lendarios) a mención do libro sexa unha simple engádega a contos máis antigos, xa que é pouco relevante no resultado final da historia.

Diferéncianse basicamente dous tipos de relatos, uns que podemos chamar lendarios, nos que os elementos fantásticos abundan e nos que os protagonistas non teñen nomes e apelidos, son soamente vecíños da parroquia ou alguén coñecido por referenciais, e outro tipo que podemos chamar “históricos”, que son os relatos auténticos de buscadores de tesouros, persoas das aldeas con nomes e apelidos, dos que a súa memoria se vai perdendo co tempo, ao longo do que se dedicaron a escavar en mámoas e pedras con insculturas, guiados pola listaxe de tesouros do Ciprianillo, a miúdo unha versión portuguesa. Nestes casos faltan os elementos máxicos dos contos, non hai fórmulas máxicas de desencanto, non hai aparicións fantásticas, nin se recorre a terceiras persoas (crgos, sabias) para o facer. Moitas destas historias reais co transcurso dos anos

confundíronse cos contos e as lendas e convertéronse en contos de lareira, coa engádega de todo tipo de elementos fantásticos, e a algunas imos fazer referencia más adiante.

Canto aos suxeitos das historias, varios son os que interveñen: o suxeito ou axente que leva a iniciativa é xeralmente xente do lugar, que pretenden desencantar un tesouro do que lles consta a súa existencia nun lugar determinado próximo que coñecen de abondo e que aparece na listaxe de tesoros do libro.

Xeralmente buscan a axuda dun terceiro, persoa letrada, o mestre da escola ou cun certo poder (relixioso ou máxico), xa sexa unha sabia ou as máis das veces un cura, que é moitas veces o propietario do Libro de San Cibrán no que aparecen as instrucións para desencantar tesoros. Outras veces (case sempre ocorre nos relatos históricos) a persoa de iniciativa é un forasteiro cun oficio ambulante (moitas veces un portugués), que vén co Ciprianillo dicíndolle aos do lugar que segundo o libro ali se atopa un tesouro e consegue convencelos para ir buscalo. Outras veces é un da aldea que se converteu en certo modo en forasteiro xa que conseguiu un libro no que aparecen os tesoros ao marchar lonxe, xa fora a Madrid, África (no caso de presos que voltaron de alá no século XIX na época da piratería no Mediterráneo que tiña as súas bases na costa africana, ou máis recentemente xente que fixo o servizo militar).

Outras veces (tamén relatos históricos) o axente que leva a iniciativa é un grupo de forasteiros, arqueólogos, que van guiados polo Libro de San Cibrán escavar nun lugar da parroquia e os paisanos bótanos de alí. Destes casos existen as historias opositas, noticias certas de historiadores e arqueólogos que no s. XIX foron facer escavacións arqueolóxicas a determinadas aldeas galegas e atopáronse coa oposición (mesmo violenta) dos veciños. Aquí é curioso como malia non ter achado o tesouro, a xente da parroquia que mantén a tradición da súa existencia sente eses tesoros coma un ben deles, comunal, da súa propiedade, ao que teñen dereito e non a xente de fóra, que consideran aproveitados, polo que os defenden contra deles.

O lugar onde se atopa o tesouro está sempre fóra do espazo controlado da aldea, pero non é un lugar descoñecido, está dentro da parroquia, xeralmente marcado con sinais físicos naturais (fervenzas ou grandes rochas), ou artificiais (pedras escritas, restos de castros, mámoas, ou algunha fonte). O tesouro está custodiado xeralmente por seres lendarios, mouros, mouras en forma de cobra, ananos, encantos (coas máis diversas formas, touros, leóns, penedos enormes, etc.), xigantes e rara vez polo demo. Semella que as historias sobre o Ciprianillo son máis populares nas bisbarras do interior que nas zonas costeiras de Galiza, igualmente os lugares reflectidos na listaxe de tesoros do libro pertencen fundamentalmente a Ourense e Pontevedra.


Os procedementos para o desencantar son do máis variado e xeralmente non se detallan no relato, moitas veces se confunden cos dos relatos comúns de tesoros encantados (por exemplo, darrle un bico á moura convertida en cobra). Ás veces hai que saber ler e desler o libro para poder desencantar o tesouro, xa que ao ler o conxurador e acompañantes empézanse a elevar polos aires e se non deslen para baixar poden levar unha boa zoupada. Aparte do libro hai que acompañarse doutros elementos variables, un año

para sacrificar, sagrados (cirios, estolas, auga bendita), ou tamén ingredientes máxicos, como por exemplo a chamada herba cabreira (herba que ten a curiosa propiedade de que se se bota ao río sobe contracorrente, pero da que non se sabe ben cal é a súa función específica xa que nos libros de San Cibrán non aparece).

Os contos acaban frecuentemente mal, as más das veces pola cobiza dos buscadores, por non cumplir o procedemento para desencantar o tesouro (estar calado durante todo o proceso, desler en vez de ler, permanecer no círculo máxico, non elixir o ouro ou o obxecto de valor cando dan varias cousas a elixir, faltar follas no Ciprianillo que din como desencantar o tesouro, outras veces porque algúns deles ao ver tanto ouro ou algúna imaxe extraordinaria (como por exemplo un carro enorme cargado de riquezas tirado por animais fantásticos) soltan unha exclamación citando a Deus, Xesús ou á Virxe e entón como se isto fora un sacrilegio ou un tabú fronte aos antigos costumes, crenzas ou aos tratos co Demo, todo desaparece como por arte de magia. Malia todo non son comúns os finais con resultados mortais.

Abundan as referencias na tradición e na literatura galega a xente que buscou tesouros seguindo as indicacións do Ciprianillo. No Xornal de Ourense *O Tío Marcos da Portela*, de Valentín Lamas Carvajal, no parrafeo nº 133 do ano 8º (20 de xuño de 1886) fala da busca de tesouros na Limia, por xente das aldeas de Vilaseca, Nocelo da Pena e Viladerrei, por mor dun vendedor ambulante portugués que apareceu por alí que dicía que sabía do Ciprianillo. Porén este tema da busca de tesouros non é de tempos tan pasados e de xente crédua, ainda se deu en datas recentes, temos referencias grazas a Israel Barandela e José Manuel Lorenzo de xente do pobo de Castromil, na Mezquita, en concreto de D. José Antonio García e, de San Cibrán (xa de Zamora), o Sr. Horacio, que acompañaron hai máis de 30 anos a un quincalleiro portugués que tiña un Ciprianillo na busca de tesouros en pedras inscritas da bisbarra, entre outras a "Pedra das Ferraduras". Tamén o Padre Fontes nos tem referido que hai algúns anos houbo xente escavando no Castro de San Millán, na Xironda - Cualedro, lugar da Xironda que aparece recollido na listaxe de tesouros.

Recentemente, grazas a Luís Giadás, profesor, xornalista, e ao seu amigo Fernando Garea, puidemos examinar un Ciprianillo moi interesante (máis ben para nós unha gaceta de tesouros), que lle amosou un alumno seu, Eduardo Grela Varela, da zona de Cabana de Bergantiños, do pobo de Beres, Parroquia de San Xoán de Oeste, que pertencia ao seu avó, Serafín Varela Rei, onde se detallaban unha serie de lugares que tiñan enterrados tesouros naquela zona até chegar a Padrón. As nove follas están feitas en pergamo, escritas a man, con pluma e tinta, e segundo o seu texto



foron copiadas dunha obra existente na Universidade de Santiago, con licenza dun suposto Sr. Reitor da Universidade Literaria de Santiago, Bacharel en Medicina, D. José María Martínez de la Roca.

Considerámolo máis ben unha gaceta de tesouros porque o propio texto menciona ao Cipriano e á Clavícula de Salomón e diferéncias do libro do que foi copiado o texto, e porque este texto non inclúe esconxuros nin unha forma de desencanto dos tesouros autónoma, senón que é unha listaxe de lugares de tesouros, coa descripción destes, e nalgúns deles inclúe xunto coa descripción a maneira de os desencantar.

#### Breve análise de diversas edicións

Como xa expuxemos, as versións que circularon tanto polo resto da península como por Galiza e Norte de Portugal deberon ser na súa meirande parte manuscritas, pasadas de man en man durante o séc. XVIII e principios do séc. XIX nunha época de importancia na busca de tesouros, mais destas edicións áinda non temos visto ningunha. Posteriormente dende mediados do séc. XIX empezáronse a popularizar edicións impresas do mesmo, e xa no séc. XX hai unha grande difusión de todo tipo de edicións impresas, áinda que a busca de tesouros xa entrara nunha fase de franco declive. Tal como relata Vicente Risco no seu artigo “O demo na tradición popular galega (I)”, no nº 30 da revista *Nós*, de 15 de xuño de 1926, páxinas 1 a 5, circulaban pola Galiza edicións portuguesas deste libro. As edicións portuguesas foron probablemente as más populares, dada a cantidade delas que se publicaron tanto de finais do XIX como de principios do XX, en Portugal e no Brasil, e proba disto é que dos autores que se sabe que tiñan obras do s. XIX (Taboada Chivite, Vicente Risco, Bouza Brey, García Sabell), sempre son edicións portuguesas. Outras edicións de principios do séc. XX deste libro publicadas en Barcelona e Madrid difiren das existentes na Galiza xa que non inclúfan a listaxe de tesouros de Galiza quizais por razóns de distancia xeográfica (áinda que hai edicións publicadas no Brasil en que si aparecen). Posibelmente a razón das poucas edicións publicadas no Estado Español foi pola persecución deste tipo de literatura por parte das autoridades eclesiásticas e civís.

Pasamos agora a analizar as edicións más interesantes que atopamos das case cincuenta que temos visto polo de agora, coa advertencia de que áinda non demos visto ningunha copia manuscrita nin edicións impresas do primeiro terzo do s. XIX (áinda que existen citas de edicións portuguesas mesmo de 1849 e a citada por Bernardo Barreiro de 1802 atopada pola Inquisición ao presbítero do Ferrol D. Juan Rodríguez), únicamente o *Heptameron*, unha obra atribuída a San Cibrán pero que se afasta bastante das versións “canónicas” más difundidas do Cipriano, mais non perdemos a esperanza de atopar co tempo edicións de inicios do s. XIX ou mesmo anteriores.

Consideramos as obras más representativas ou tipo das que temos examinado, polas súas características específicas e diferenciadas –áinda que con contidos comúns– as seguintes, ordenadas primeiramente as que están en castelán, as más antigas, e posteriormente algunas portuguesas e brasileiras.

- 1.- *Heptameron o elementos mágicos, compuesto por el Gran Cipriano, famoso mágico*, de Bruxelas, 1810.
- 2.- A versión “de Bernardo Barreiro”, cercana ao *Grand Grimoire*, publicada en 1885.
- 3.- A versión “de Jonás Sufurino” titulada *Libro completo de verdadera magia o sea el tesoro del hechicero*, publicada no sec. XIX en data indeterminada, a máis antiga dela que coñecemos foi feita pola “imprenta cabalística de Milano”.
- 4.- A versión que denominaremos “de Cibrán e Xustina”, titulada *El Libro de San Cipriano y Santa Justina, milagros y oraciones de la S.S. Cruz de Caravaca*, publicada en Barcelona no cambio do s. XX pola Sociedad de Ciencias Ocultas.
- 5.- A versión “de Enediel Shaiah”, titulada *Libro Magno de San Cipriano, tesoro del hechicero*, publicada por primeira vez pola editorial Pueyo no 1906.
- 6.- A versión portuguesa *Grande Livro de S. Cipriano ou Thesouro do Feiticeiro*, publicada pola “Livraria Económica de Lisboa”, Imprenta Lucas, de finais do s. XIX (anterior de 1893).
- 7.- A versión portuguesa titulada *Verdadeiro Livro de S. Cipriano ou Thesouro Particular do Feiticeiro*, Livraria Portuguesa de Joaquim María da Costa, “de Porto”, de finais do s. XIX (anterior a 1886).
- 8.- A versión brasileira titulada *Antigo Livro de San Cipriano o Gigante e Verdadeiro, capa de Aço*, N.A. Molina (edición portuguesa de DINALIVRO 1993).

1.- Unha das edicións más antigas que se poden atopar atribuídas a San Cibrán é o *Heptameron o elementos mágicos, compuesto por el Gran Cipriano, famoso mágico; traducido al latín y de éste al francés por Esterhaazy, y últimamente a la lengua castellana por Fabio Salazar y Quincoces, Ascrólogo, Alquimista y famoso naturalista. Venecia. Imprenta y librería de Francesco Succoni, Año de M.DCCXXII (1722)*. Segundo o prólogo foi reimpresso en Bruxelas por Vincio Bocatorti no Ano 1810. A edición examinada é moi posiblemente a de 1810, a xulgar pola tipografía e os gravados á madeira. Obra en oitavo maior, de 90 páxinas, encadernada con tapas da cartón simulando pel. Palau menciona que se fixeron numerosas reimpresións desta obra a finais do s. XIX, sempre en lugares supostos e falsificando as datas. A editorial Parsifal fixo unha reedición no ano 1989.


É unha edición curiosa, das máis orixinais, xa que é moi diferente das outras que logo comentaremos porque non ten semellanzas evidentes cos outros grimorios europeos que temos comentado



(Grand Grimoire, Grimorium Verum, etc.). A referencia a San Cibrán é case unha anécdota xa que o Santo soamente é mencionado, quizais para facelo máis atractivo, no título e no prólogo da obra. A primeira vista, entre as características más senlleiras desta versión está a antigüidade da tipografía, maquetación, gravados, e mesmo a súa lingua-xe e ortografía arcaizante. Mais non trae apartados esenciais noutras versións, coma un resumo da vida do santo, a oración de San Cibrán, listaxe de tesouros, etc. A metade da obra trata de mancias, astronómica, quiromancia, fisiognomancia, etc. dedicándose despois á elaboración de talismáns, amuletos (algúns coinciden cos que aparecen no Grand Grimoire e na Galiña Negra), a confección da variña misteriosa e o seu emprego para desencantar tesouros, incluíndo a realización do círculo máxico, temas que aparecen noutras versións (como por exemplo a de Jonás Sufurino) como parte central das mesmas. Posteriormente fala de filtros e receitas, con moi poucas para o amor (o que é atípico) senón sobre todo para curar enfermedades e para protexer os animais dos lobos e das feras, o que pode evidenciar a súa antigüidade e o seu interés para ser útil a persoas do agro e non a persoas acomodadas que viven nas cidades.

2.- Outra versión é a que se publicou como anexo ao libro do historiador galego Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, editado no 1885, co título *Brujos y astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso Libro de San Cipriano*, reeditada por Akal, Col. Arealonga, 1973, da que procede esta portada. Esta obra está editada en cartoné, oitavo, de 300 páxinas. Este libro trata dos procesos da Inquisición Galega contra bruxos e astrólogos da segunda metade do século XVI e a primeira do XVII. Barreiro publicou como anexo unha edición mutilada do Ciprianillo, que conseguiu manuscrita, co fin de vulgarizalo e facelo accesible ao público en xeral.

Esta versión di que foi realizada por Beniciana Rabina, rabino femia, imposible de atopar hoxe na súa edición orixinal. O tal Beniciana sería realmente Antonio Venetiana del Rabina, autor dunha das edicións más coñecidas do Grand Grimoire, a que foi publicada en francés en París no 1845. Esta versión do Ciprianillo é idéntica ao Grand Grimoire. Cal copiou a cal? Este Ciprianillo podía ser unha copia do Gran Grimorio, xa que segundo Enediel Shaiah existe unha edición en castelán de 1820. Pero o curioso é que en moitas das edicións do Grand Grimoire (das que se está de acordo que son copia dunha edición italiana anterior), citase ao principio da obra a San Cibrán (animando a ler a súa vida), polo que outra hipótese más arriscada e difícil de probar podería ser considerar o Grand Grimoire copia dalgúnha versión anterior dun



libro atribuído a San Cibrán mutilado nas partes que non interesaran.

A primeira parte dese Ciprianillo recóllea Barreiro no seu libro máis ou menos integra, e é igual á do Gran Grimorio, tratando da preparación do mago e da confeción do círculo cabalístico (parte importante do ritual de invocación). A segunda parte do libro, que fala do Triángulo dos Pautos e das Xerarquías Infernais, Barreiro despáchaa en dúas follas, e o resto do libro coa sección sobre receitas máxicas simplemente suprímeas dicindo que son trapalladas. Non menciona tampouco ningunha listaxe de tesouros do Reino de Galiza. Por esta edición é pola que moitos autores ao falar do Libro de San Cibrán en xeral o xulgaron sen máis e con excesiva simplicidade como unha copia do Grand Grimoire francés.

3.- Outra edición é a titulada *Llibro completo de verdadera magia o sea el tesoro del hechicero; escrito en Pergaminos Antiguos Hebreos entregados por los espíritus al Monje Alemán Jonás Sufurino*. A más antiga que examinamos debe ser de finais do S. XIX, obra en oitavo, encadernado probablemente en rústica, de 240 páxinas, supostamente reimpressa na Imprenta Cabalistica de Milano. Segue a relatar o seu contido "Contiene: Libro de San Cipriano o sea el Tesoro del Hechicero. La Clavícula de Salomón, Invocaciones, Pactos, Exorcismos, El Dragón Rojo y la Cabra Infernal. La Gallina Negra. Escuela de Sortilegios. El Gran Grimorio o el Pacto de la Sangre. Candela mágica para descubrir encantamientos. Recopilación de la magia caldea y egipcia. Filtros, encantamientos, hechicerías y sortilegios."

Esta versión tense reeditado moitas veces no s. XX, é a más prolífica de todas e a que más decote se atopa en ediciones españolas. Hai básicamente dúas versións, unha breve que inclúe as partes que indicamos anteriormente (obra en oitavo maior, en rústica, de 190 páxs.), e outra más longa, titulada *El libro Infernal*, que inclúe ademais "Hechizos y Sortilegios, Los Secretos de la Reina Cleopatra, Los admirables secretos de Alberto el Grande, La revelación de los misterios de la mano, Cartomancia y Cafeomancia, Sugestión, hipnotismo y magnetismo, Espiritismo" (obra en oitavo maior, en rústica, de 555 páxinas). Estas dúas versións editáronse pola Editorial Maucci de Barcelona no ano aproximado de 1920, mesmo se publicou en italiano no 1950 (hai múltiples edicións publicadas en Arxentina e en México, por Domingo Ferrari, Caymi, e Saturno, e en España por Anaya, Mallfré, EDS, Teorema e Edaf). Esta versión dise publicada por Jonás Sufurino, monxe alemán do mosteiro de Brooken, datado no ano 1001 ou 1521.

Outras edicións que tamén inclúen esta versión son as tituladas *Libro de San*



*Cipriano o Tesoro del Hechicero, seguido del Libro de Simón el Mago*, publicouna inicialmente o Dr. Moorne, Fernandez Moreno, escritor madrileño de obras ocultistas nos anos 20, e o *Libro de Simón el Mago*, é un suposto extracto dunha obra moito maior en extensión *Clavis Secretorum Coelis et Terrae*, realizado por W. Grebc. Desta versión coñecemos tres edicións, unha do ano 1953 publicada por Domingo Ferrari (Buenos Aires), titulada *Clavícula del Hechicero o Gran Libro de San Cibrán: "Conocimiento o instrumentos para ejercer las artes mágicas. Ceremonial mágico y experimentos. Invocaciones, pactos y exorcismos. De los espíritus en general. Arte de evocar a los muertos. El Dragón Rojo, Cabra Invernal y la Gallina Negra. Hechizos y Sortilegios. Libro de Simón el Mago. Talismanes. Propiedades mágicas y curativas de las plantas y los animales. Diccionario de los sueños,*




(reprodúcese a portada do que se atopa na Biblioteca da Deputación de Ourense), edición en oitavo maior, en rústica, de 270 páxinas aproximadamente. Outra é a de Caymi (Buenos Aires), do ano 1970, e outra de España por Daniel's Libros en 1988.

A versión de Jonás Sufurino entra de cheo no xénero dos grimorios inventados que apareceron no s. XIX xa que o seu contido aglutina pasaxes de diversas obras (La Clavícula de Salomón, La Gallina Negra, el Gran Grimorio, etc.). A parte titulada Libro de San Cibrán é moi pequena, de 30 páxinas, áinda que hai receitas máxicas dos outros capítulos, por exemplo o de Maxia Caldea e exipcia e a listaxe de potencias infernais, que tamén se inclúen noutras versións como propias do Libro de San Cibrán.

Comeza coa preparación do meigo (vestimenta, instrumentos, etc.), apartado infrecuente noutras versións salvo na de Enediel Shaiah, mais é habitual noutros grimorios europeos (por exemplo na Clavícula de Salomón, na Verdadeira Maxia Negra, e o Grimorium Verum). Inclúe diversos experimentos (de voo, invisibilidade, amor, grazá e agrado, odio e destrucción), que cadran cos contidos na obra *La Véritabel Magie Noire ou Le secrets des secrets*, publicado en París arredor do ano 1815, (áinda que o título di que foi traducido do hebreo polo Meigo Iroe Greco, en Roma, Chez García, libreiro, 1750).

Prosegue con "La Clavícula de Salomón o el



*Secreto de los Sacerdotes*, onde inclúe a confección de talismáns. Entre os talismáns e obxectos máxicos está o famoso Anel de Salomón (habitual nos grimorios) e outros que aparecen no *Tesouro do Vello das Pirámides* de 1830, na *Verdadeira Maxia Negra*, e na edición da *Clavicula de Salomón* de S.L.

McGregor Mathers.

Tamén describe o Espello Secreto de Salomón (similar ao que aparece no Dragón Vermello, Gran Grimorio, e noutras versións do Cipriano). Na seguinte parte titulada “*Invocaciones, Pactos y Exorcismos*”, fala do Espírito Supremo, dos Espíritus Superiores e Celestes (segundo o Arbatel da Maxia, obra traducida ao inglés por Robert Turner no 1655) e de gnomos, sélfides, píntegas e ondinhas.

Inclúe ademais a xerarquía completa dos espíritos infernais (da que reproducimos a sinatura e a figura dos mesmos) que é similar á que aparece no Gran Grimorio, que se corresponde á súa vez coa publicada por Johann Wierus na “*Pseudo-monarchia Daemonum*”, anexo da súa obra *De praestigiis Daemonum* editada no ano 1563.

Continúa co Sanctum Regnum “verdadero modo de hacer los pactos con los espíritus infernales sin sufrir daño alguno” (tamén aparece no Gran Grimorio) e con exorcismos, coincidindo co Libro de San Cibrán e Santa Xustina e o Libro Primeiro da versión de Enediel Shaiah.

Aquí comeza a segunda parte, “*El Dragón Rojo y la Cabra Infernal*”, que é un compendio de diversas materias, astroloxía, visións e aparicións, listaxe de días felices e desgraciados..., que tamén aparece noutras versións, como a de Santa Justina e a de Enediel Shaiah. Prosegue con outro apartado titulado “*La Gallina Negra, Escuela de Sortilegios, el Viejo de las Pirámides y el Anillo del Amor*”, onde inclúe o procedemento para invocar un espírito infernal sacrificando unha galíña negra na encrucillada (que aparece noutras moitos grimorios, entre eles o Grand Grimoire, Grimorium Verum, o Dragón Vermello, edición de 1905, do que procede a seguinte ilustración).

O seguinte capítulo dedicase a todo tipo de sortilexios, a meirande parte de amor, tamén de saúde e contra os malos espíritos, moitos deles aparecen noutras versións do Cipriano, en concreto na de Enediel Shaiah e na de Santa Xustina, algúns tamén nunha versión italiana do Grand Grimoire, publicada no 1999 por Trident Books (Seattle, U.S.A.). Logo continúa con “*El Gran Grimorio o el Pacto de Sangre*”, que coincide cos primeiros capítulos do Grand Grimoire (fala da preparación do mago e do pacto de sangre cos espíritos, da composición da variña máxica, etc.).

A terceira parte titulada “*Magia Caldea y Egipcia (Filtros, encantamientos, hechizos)*”.



*cerías y sortilegios)*", coincide coa versión de Enediel Shaiah e a de Cibrán e Xustina (con feitizos con sapos, de amor, coa semente do fento, maxia das fabas, maxia para facer invisible os ósos da cabeza dun gato negro -que aparece tamén no *Grand Grimoire*, para conseguir dous demíños cos ollos dun gato negro, cun morcego, con malvas recollidas nun cemiterio, etc.). A obra remata cunha explicación necesaria sobre a forma en que se fixo a tradución.

4.- Outra versión do Ciprianillo é a editada en Barcelona pola Sociedad de Ciencias Ocultas, co título *El Libro de San Cipriano y Santa Justina, milagros y oraciones de la SS. Cruz de Caravaca*, obra en rústica, oitavo menor, de 192 páxs., publicada entre 1895 e 1920, con partes en castelán e outras en catalán. O título continúa "Tratado completo para ejercitarse el poder oculto – Magia de los campos – Hechizos Pactos – Responsos – Novenas – Oraciones – Ligamientos – Curaciones etc. etc.". Desta obra existen edicións mexicanas da Editorial Roca do ano 1985. O curioso dela é que ten unha gran parte de contenido relixioso católico, con novenas, oracións a santos, e bendicións, das que non nos ocuparemos. Por outra banda, difire bastante da versión de Jonás Sufurino xa citada, xa que suprime unhas cousas e engade outras.

Nesta edición o tema do desencantamento de tesouros e o pacto do demo está nun segundo plano (mesmo recomenda que antes de facelos se consulte cun confesor se é aconsellábel facelo ou non). Non hai listaxe de tesouros nin apartados de cartomanzia, astroloxía, quiromancia, construcción de amuletos e talismáns. Comeza co relato da vida de San Cibrán e Santa Xustina, continúa cunha serie de beizóns (dunha casa nova, de plantas e augas, dun recen nado...) e exorcismos (contra treboadas, trasnos, bruxas, etc.), e inclúe a famosa Oración de San Cibrán. Segue coas receitas máxicas típicas, moitas delas iguais ás contidas na versión de Jonás Sufurino (no apartado da Galifa Negra e de Maxia Caldea e Exipcia). Xa case ao final do libro, como se quixera desbotalo, inclúe o Gran Grimorio ou Pacto de Sangue igual á versión de Jonás Sufurino, e tamén fóra de lugar as razóns polas que Deus permite ao Demo que atormente as criaturas, a maxia da semente do fento, e das fabas, remata coa explicación necesaria habitual. Remata con numerosas figuras de santos coas súas oracións, incluída a historia da Santa Cruz de Caravaca, o que achega este exemplar máis á relixiosidade católica que á heterodoxia máxica polo que se pode relacionar cos folletos relixiosos que citamos ao principio deste artigo.

5.- A seguinte edición da que imos falar foi a feita por Enediel Shaiah, pseudónimo de Alfredo Rodríguez Aldao (Aymerich), titulada *El Libro Magno de San*



*Cipriano. Tesoro del Hechicero*, que consideramos a mellor publicada en castelán. As diversas edicións foron realizadas en anos posteriores a 1905, unha por Gregorio Pueyo, de Madrid, unha segunda de 1907 a cargo do propio autor, supostamente editada en Leipzig polo Centro Editorial Políglota –Palau di que foi feita en Madrid en 1907-, edición en oitavo menor, en rústica, de aproximadamente 378 páxinas, e unha terceira e última pola Editorial Irradiación, tamén de Madrid, que foi reeditada no ano 1985 pola editorial Humanitas sen citar a procedencia.



Este galego, hipnólogo e ocultista, orixinalrio de Pontevedra, viviu en Madrid entre finais do s. XIX e principios do XX, onde tivo unha consulta de hipnoses. Da familia dos Aldao de Pontevedra, parente do senador Constantino Armesto, tío de Víctor Said Armesto, hai bastantes obras del na Biblioteca do Museo de Pontevedra provenientes da biblioteca de Said Armesto. Foi autor de numerosas obras sobre ocultismo e hipnoses, tradutor dun bo número de tratados franceses,

principalmente de Papus (Dr. Encausse), do que foi discípulo, e de Eliphas Levi. Redactor da revista *Sophia*, fixo parte da Sociedade Teosófica e do Grupo Teosófico Marco Aurelio de Pontevedra, co que estiveron relacionados entre outros Valle Inclán, Xavier Pintos Fonseca e Said Armesto. Dirixiu a Biblioteca Teosófica da Editorial Pueyo e foi amigo de Mario Roso de Luna. Canto a grimorios, publicou ademais *El Verdadero Dragón Rojo*, edición suposta de Venecia, sendo realmente de Madrid, 1905.

A portada que reproducimos pertence a unha edición do ano 1907 feita polo propio Enediel con lugar suposto de edición de Leipzig, que se atopa no Museo de Pontevedra.

Esta versión é unha recompilación de tres libros diferentes de San Cibrán, que circulaban anteriormente como textos independentes, con abundancia de textos a pé de páxina do propio Enediel explicativos e que engaden información, chegando a sustituír unhas pasaxes por outros da súa autoría que consideraba más actualizados, ademais da supresión de reiteracións dos diferentes libros.

O Libro Primeiro ten un marcado contido relixioso, cunha parte de oracións e exorcismos para combatir as posesións e os males físicos, especificamente dirixido a relixiosos, con longos textos en latín, inclúe a maneira de saber se as doenças son naturais ou causadas polo demo, forma de pechar o corpo para que non volva a entrar o demo, xeito de axudar ás aparicións, etc. Logo continúa con materias totalmente diferentes, cartomancia, astroloxía, táboa de momentos fatídicos do calendario, suprime de aquí Enediel Shaiah o procedemento para desencantar tesouros porque xa o inclúe na terceira parte. Seguidamente fala doutros temas, sobre todo de adiviñación, receitas de

amor, do diñeiro encantado, para axudar a enfermos, procedemento para castigar ao demo, oración do Xusto Xuíz que sirve para facerlle a un invisíbel aos ollos de quen o queira deter, etc.

O Libro Segundo é o que ten un contido máis similar á versión de Jonás Sufurino e a de Cibrán e Xustina, fala de segredos de maxia negra e branca, que aparecen noutras versións (das fábas, do óso da cachola dun gato negro, da semente do fento, etc.), logo trata do Cerimonal da Maxia (preparación do meigo, instrumentos máxicos, vestimentas, o círculo máxico, etc.), das potencias celestes, da maneira na que se fai o pacto e a listaxe de poteidades infernais similar á de Johann Wierus. Prosegue con "Segredos de Feiticería" dos que moitos cadran coas versións de Jonás Sufurino e de Cibrán e Xustina ainda que cambiados de orde, outras coinciden con receitas do Heptamerón, as seguintes (o anel de Giges, o espello máxico de Salomón, o Segredo da Galiña Negra, etc.) aparecen tamén no Grand Grimorie e no Dragón Vermello. As demais (maxia do acivro, do bote de vidro, da pomba negra, das batatas retoñadas, etc.) aparecen en edicións portuguesas que comentamos más adiante.

O Libro Terceiro ten pouco que ver coa versión de Sufurino e de San Cibrán e Santa Xustina antes comentadas, o que confirma que no seu día debeu ser un libro autónomo, xa que trae a listaxe de tesouros do Reino de Galiza e a maneira de desencantalo. Comeza con varios conxuros, xunto á Ladaíña dos Santos (habitual nas edicións portuguesas, cunha listaxe longa de santos e fórmulas en latín), e unha imprecación a Satanás para que se afunda na terra e deixe libre o tesouro que se pretende recoller (o ritual ten unha intención claramente distinta xa que non se negocia nin se pacta co demo senón que o bota). A seguir vén a famosa listaxe de 146 tesouros do Reino de Galiza, que di que está na Biblioteca Peninsular Catalana, de Barcelona (igual ca a versión portuguesa). A listaxe está en castelán, ten menos tesouros que a listaxe portuguesa e é menos detallada como xa dixemos, seguramente para evitar que a xente a empregara para buscalos. Continúa o libro terceiro cos grandes segredos do mago Artaphernes, e finalmente inclúe unha listaxe das clases de adiviñación empregadas en diversas épocas que Enediel Shaiah cambiou por unha listaxe propia que consideraba más actualizada, polo que non podemos saber cá era a listaxe orixinal.

En resumen, esta é unha das versións más completas porque reúne tres libros nun, e ademais é a que máis se acerca ás versións portuguesas que pasamos agora a comentar, incluso é posibel que sexa unha tradución e adaptación ao castelán dalguna daquelas, xa que se interpolaron verbas en portugués nalgúnha pasaxe da obra.

6.- A primeira edición portuguesa que comentamos é a denominada *Grande Livro de S. Cipriano ou Thesouro do Feiticeiro. A edição mais completa que se tem publicado até hoje*, Livraria Económica de J. Andrade & Lino de Sousa, Antiga Casa de F. Napoleao da Vitoria, Travessa de S. Domingos 9 a 13, Imprenta Lucas, Rúa do Diario de Notícias, 93, de Lisboa, oitavo maior, rústica, de 300 páxinas, que examinamos na Biblioteca Nacional de Lisboa. Esta obra é anterior ao ano 1893 (hai outra exacta do ano 1923), e é abofé a primeira con tres volumes e a más completa de todas. A tercei-

ra parte, coa historia de Víctor Siderol e a listaxe de 174 tesouros do Reino de Galiza, pode que fora unha novidade xa que di que os seus dereitos de publicación lle foron vendidos por D. Gumersindo Ruiz Castillejo y Moreno, de Barcelona, dono da Bibliotheca Academica Peninsular Catalani, a Domingos M. Fernández, editor de Lisboa, o 25 de Marzo de 1885, e este a Federico Napoleao de Victoria, dando datos que lle dan visos de verosimilitude.

A versión da Livraria Económica comeza cun Libro Primeiro que coincide co de Enediel Shaiah, inclúe antes a Vida de San Cibrán, prosegue coas instrucións aos relixiosos que traten molestias, para saber se son obra do demo, oración das horas abertas, sinais de maleficios nas criaturas, exorcismos, etc. Todo o comentado até aquí pódese considerar un manual do exorcista. Até o capítulo sexto van os dous libros exactamente iguais, aquí a presente versión inclúe o “*Desencanto dos Tesouros, oración e esconxuro para desencantarse dos tesouros, lugares onde existen os encantos, e soma dos haberes de Porto de D. Gazua, ríos e águas vertentes*”, que é unha listaxe de tesouros (148 en total) existentes no Reino de Portugal en Porto de D. Gazua. Logo prosegue igual ca a versión de Enediel Shaiah, cun novo sistema de botar as cartas, e outras receitas máxicas, cartomancia, episodios da vida de San Cibrán, baixo o nome de “*Poderes Ocultos, cartomanzia, oraciones y esconjuros*”.

O Segundo Libro é tamén equivalente ao da versión de Enediel Shaiah, comeza co “*Verdadeiro Tesouro de Mágica Preta e Branca, ou Segredos de Feitiçaria*”, coas mesmas fórmulas máxicas (agás algunha máis que se engaden aquí), e continúa coa historia de San Cibrán e Clotilde que non aparece nas outras versións. Aquí esta versión non inclúe como a edición de E. Shaiah o Cerimonial da Maxia (*vestimentas e instrumentos do mago, confección do círculo mágico e ritual de invocación*), o que o afasta da concepción de grimorio integral e o achega máis á idea dun receitario mágico. Despois retoma o mesmo capítulo “*Misterios de feitiçaria extraídos de um manuscrito de mágica preta que se julga do tempo dos mouros*” e inclúe máis apartados que non aparecen na versión de E. Shaiah (por exemplo a oración para expulsar o Demo do corpo, e as historias de San Cibrán e Adelaide e a de Cibrán i Elvira, discusión de San Cibrán e San Gregorio sobre a Santa Fe Católica, etc.). Moitos destes conxuros contodo aparecen no apartado de Maxia Caldea e Exipcia da versión de Sufurino e na de Cibrán e Xustina. Remata este Libro cun apartado de fisiognomía e outro apartado de cartomancia cruzada, e unha explicación dos soños e aparicións nocturnas cun índice alfabetico de verbas para interpretalo, que non aparecen na versión de E. Shaiah.

O Terceiro Libro comeza con “*Engrimanços de S. Cibrán ou Prodixios do Diablo*”, co relato de Vítor Siderol, un labrego francés que atopa un Ciprianillo en París, co que esconxura o demo e fai un pauto con el. O demo dille que na zona de Salvaterra de Miño, Galiza, hai moitos tesouros, polo que Siderol marcha aló e establecése en Abavides, na Limia. Alí consegue un tesouro despois de asinar un pauto polo que lle daba ao demo o alma de todos os fillos que tivese. Posteriormente asentouse en Damil e casou cunha rapaza de Podentes (Celanova), coa que tivo oito fillos. Siderol arrepíntese do pacto feito e cóntallo a súa muller, que acode ao crego de Campo de Mouro en

Mondariz para que practique un exorcismo. Consegue que o demo devolva o pauto asinado —a bisbarra de Mondariz caracterízase pola abundancia de restos arqueolóxicos (castros, insculturas, dolmens), o “campo do mouro” tamén chamado “coto do santo” é un lugar con varias mámoas, localizado na parroquia de San Cibrán de Mouriscados, que ten un nome moi indicativo-. Despois daquilo Siderol viviu felizmente até que falece aos 109 anos en Sabajares (Mondariz) —é realmente Sabajanes, Sabaxáns, da parroquia de San Mamede de Sabaxáns-. O relato é equivalente ao doutros grimorios do s. XIX (ex. o Dragon Rouge, versión de Henry Berthoud, publicado por C.B. Noblet en París no ano 1863, que tamén conta as aventuras dun labrador a quen lle venden neste caso un grimorio Dragon Rouge, moi popular en Francia) e amosa que o autor coñecía Galiza polos datos que dá dos lugares que percorre Siderol na súa viaxe. O libro continúa coa famosa listaxe de 174 tesouros do Reino de Galiza e remata cun apartado sobre Espíritos diabólicos, Poderes Ocultos do odio e do amor, un capítulo de quiromancia e a *“Historia da Feiticeira de Évora ou Historia de Sempre Noiva”*.

Con estas historias noveladas podería relacionarse o folleto *El Millonario de San Ciprián*, impreso na Coruña cara 1850 e que está na Biblioteca Xeral de Santiago Compostela, legaxo nº 619, Papeis de Santiago de la Iglesia Santos (1851-1931). Este folleto sería unha sátira das gacetas de tesouros publicado por un tal Adolfo Orajak (Karajo) e nel relaciónanse un total de 32 de tesouros, enumerados con multitud de xogos de palabras con ánimos de lería. Desta obra dá conta Peter Missler na súa serie de artigos titulados “Las Honda Raíces de los Ciprianillos” (1<sup>a</sup> y 2<sup>a</sup> parte) publicados nos números 2 e 3 (setembro-outubro e novembro-decembro de 2006) da revista digital *Culturas Populares*, [www.culturaspopulares.org](http://www.culturaspopulares.org), nos que busca a orixe dos Ciprianillos, sobre todo da súa parte de listaxes de tesouros, indicando a súa posibel influencia e orixe en Oriente Próximo.

A meirande parte das edicións portuguesas e brasileiras do s. XX seguen con maior ou menor fidelidade o contido desta versión portuguesa da Livraria Económica, suprimindo unhas veces contidos superfluos e outras engadindo textos. Entre elas citar a edición de Possidonio Tavares, publicada polos Hermanos Garnier, Río de Janeiro – París, 1900, co título *O Verdadeiro Livro de S. Cibrán. Edição, a más completa e aumentada, com um oráculo de 108 segredos*, que engade a esta versión 108 receitas máxicas. Outras posteriores, a titulada *O Verdadeiro Livro de S. Cipriano ou o Thesouro da feiticeira*, Ed. Muito aumentada, Lisboa, Empresa Literaria Universal, de 1919, e *O verdadeiro Livro de São Cibrán ou tesouro da feiticeira*, Lisboa, Livraria Barateira, 1930, son idénticas á xa comentada, e entre as más recentes a da Moderna Editorial Llavorés de 1998 e a de Editorial Livros da Vida, Col. Runas, Lisboa, 2001. Outras edicións (a de Edições Afrodite, Lisboa, 1971, a da Editorial Castrellos, col. O Moucho en 1973, en galego, a de Akal en 1978 en castelán) reproducen unicamente o terceiro libro, e outras, como a de Famaliçao do ano 1923, afártase claramente desta versión ao non incluir os tesouros do Reino de Galiza nin outros apartados, e engade un apartado de *“Instrumentos e accesorios usados na feitiçaria”* e *“Virtudes preciosas de plantas, pedras, animais e repás”*, apartado de maxia natural semellante ao do Libro de Simón o Mago e o do Gran Alberto.

7.- Outra versión interesante é a de Porto, titulada *Verdadeiro Livro de S. Cipriano ou Thesouro particular do Feiticeiro*, tirado d'un manuscrito feito polo mesmo Santo que ensina a desencantar todos os encantos feitos pelos mouros n'este reino de Portugal e también indicando o lugar onde se econtram. Contendo todas as rezas para desfazer os encantos e tendo as necesarias explicações aonde existem os haveres encantados, etc. Novisima edição aumentada com a cartomancia do arte de deitaras cartas como fazem as feiticeiras. A' venda no Porto, na Livraria Portuguesa de Joaquim Maria da Costa - 55, Largo dos Loyos, 56 - Porro". Imp. Tipographia de Arthur J. de Sousa & Irmao, L. de S. Domingos 74. Examinámosla na Biblioteca Nacional de Lisboa, onde estaba encadernada xunto con outros libros, mais debía ser orixinariamente en rústica, en oitavo, de 64 páxinas. A obra semella ser aproximadamente do ano 1886.

A edición é moito máis curta que a da Livraria Económica, con algunas partes en común e outras que non tiñamos visto. Non ten a listaxe de tesouros do Reino de Galiza nin a historia de Víctor Siderol, nin receitas máxicas, polo que se concentra case de xeito exclusivo no tema dos tesouros, na portada reproduce o famoso triángulo para o desencanto de tesouros. Comeza con dúas verbas para esclarecemento da obra que se vai ler e seguidamente pasa ao desencanto de tesouros, cunha declaración, e un esconxuro que é similar á segunda conxuración da versión da Livraria Económica e ao segundo Conxuro da de E. Shaiah, que ten paralelismos coa famosa Oración de San Cibrán para librarse de todo tipo de feitizos. O libro prosegue co "Tombo ou lugar onde se acham encantados os tesouros", cunha listaxe de 139 tesouros, localizados parte no Porto de D. Gazua, coincidente cos doutras versións salvo pola falla de 10 tesouros. Continúa con apartados habituais do primeiro libro doutras obras (motivos polos que Deus permite que o Demo atormente as criaturas, cartomancia, historia de San Cibrán e Santa Xustina, oración para asistir aos enfermos, etc.). Aquí inclúe apartados que non aparecen noutras, a historia "Do Diabo e as súas diaburas", sobre unha anciá que burlou a morte e á que o Demo vai buscar todos os anos, "O desencanto da moura" que é unha fórmula máxica en verso para desencantar tesouros, que semella de tradición oral e moi antiga. Remata a obra con dúas fórmulas habituais, a maxia para que unha muller diga todo o que teña feito e coa arte de ler as borralhas do café.

8.- Para rematar esta análise, como xa dixemos, no Brasil publicáronse moitas versións xa dende o s. XIX e posibelmente antes (o Padre Antonio Lourenço Fontes cita nas súas obras un exemplar probabel do s. XVIII), mais non nos ocuparemos delas porque as que temos visto son modernas, reelaboradas, e afástanse moito das edicións más antigas. Soamente falaremos a xeito de exemplo da considerada más completa, *Antigo Livro de San Cipriano. o gigante e verdadeiro capa de Aço*. N. A. Molina, edición en



oitavo maior, cartoné, de 507 páxs. Existe unha edición portuguesa da mesma, a 5ª Edición publicada no ano 1993 e distribuída por DINALIVRO. A edición brasileira xa debe levar máis de trinta edicións.

É unha obra moi extensa, incorpora textos de moi diversa procedencia, moi sín-crética, tanto fala de santos católicos como de espiritismo ou maxia negra. Non trata do tema dos tesouros, tan importante noutras edicións, xa que non inclúe nin listaxes destes nin a maneira de deséncantalos.

A obra comeza cun aviso ao comprador do libro para que non o ensine nin llo preste a ninguén, prosegue con episodios da Vida de San Cibrán e con partes comúns a outros libros (exorcismos, Poderes Ocultos, "Enguerimanzos de S. Cipriano ou Prodigios do Diabo", sen incluír a listaxe de Tesouros do Reino de Galiza, "Misterios de Feitiçaría", etc.), intercala entre estas partes outras diferentes con historias medievais, astrolo-xía, quiromancia, cartomancia, presaxios, oniro-mancia, etc. A partir de aquí apártase definitivamente das outras versións, fala de rituais de maxia negra (algúns específicos de Brasil, das Clavículas de Salomón...), receitas máxicas, hipnotismo, viaxes astrais, bolas de cristal, mandamentos da Comunidade Xudaica segundo San Cibrán, a maxia negra hoxe en día, Calendario Perpetuo cos santos do día, rematando a obra con máis de noventa oracións a Santos para os fins más diversos.



En resumo, tentamos na medida do posibel, que non é doadoo dada a cantidade de edicións existentes do Libro de San Cibrán, alumiar un pouco este libro escuro e misterioso para amosar o seu verdadeiro valor e polo no lugar que se merece, que non é outro que o de estar en plano de igualdade co resto de grimorios más famosos publicados en Europa nos s. XVIII e XIX. É unha mágoa o absoluto desconocemento desta obra no resto de Europa e a ausencia dos libros de maxia publicados na península ibérica nas obras e índices bibliográficos especializados, co que neste artigo pretendeuse facer unha achega a un maior coñecemento desta literatura na Península Ibérica.

Finalmente dicir que, ainda que o tema do Ciprianillo neste artigo se tratou dende o punto de vista da bibliografía ocultista (tema non moi investigado na Península Ibérica, malia ser realmente apaixonante, existen noutros países verdadeiros especialistas), pódese tratar dende outros puntos de vista, como a etnografía, crenzas e tradicións populares. Agradecemos de antemán que calquera persoa que vira algún Ciprianillo antigo, gaceta de tesouros ou algún libro de maxia curioso, ou saiba algúns relato sobre tesouros ocultos ou buscadores de tesouros, ou para calquera comentario, se poña en

contacto con nós para poder seguir a rescatar do po do esquecemento os auténticos tesouros, que son as historias e os libros antigos.

Tamén agradecer a súa axuda e cooperación a Luis Llera, Enrique Bande, Luis Giadás, Eduardo Grela, Israel Barandela e José Manuel Lorenzo, Bernardino Coello, Luis Martínez Risco, Padre Antonio Lourenço Fontes, Biblioteca Nacional de Lisboa, Biblioteca da Deputación de Ourense, Museo do Pobo Galego, Museo de Pontevedra, e por suposto a María, que me regalou o meu segundo Ciprianillo.

Dedicado á memoria de D. Antón Patiño Regueira.

## ANEXOS

### 1.-Breve escolma de relatos e contos relacionadas co Ciprianillo:

- 1.- *O Tío Marcos da Portela*, xornal ourensán, director: Valentín Lamas Carvajal, no parrafeo nº. 133 do ano 8º. (20 de Xuño de 1886), fala de tres casos de busca de tesouros na Limia, por xente das aldeas de Vilaseca, Nocelo da Pena e Viladerrei, e tamén doutro caso en que foron arqueólogos a Nocelo da Pena a realizar escavacións e botáronos de alí.
- 2.- *La Aldea Gallega*, Nicolás Tenorio, Cádiz, 1914. Na páx. 160 fala do desencantamento por un cura que tiña o Ciprianillo preto da vila de O Bolo (oriente ourensán).
- 3.- *Revista Nós* (Ourense) nº. 5, Ano II, 24 de San Xoán de 1921, páxina 17, conto recollido en Louredo –Mugares (Ourense) por Nemesio Barja.
- 4.- *Dicionario Enciclopédico Gallego – Castellano*, Eladio Rodríguez González, entraña ciprianillo, Ed. Galaxia 1958.
- 5.- *Contos populares da Provincia de Lugo* Centro de Estudios Fingoy, editorial Galaxia, 1963. Páx. 336 relato sobre o Castro de Barán – Paradela (Lugo), páx. 173, conto da zona do Incio (Lugo).
- 6.- *El Folklore en los castros gallegos*, José María González Reboredo. Universidade de Santiago de Compostela 1971. Páx. 63, O Crasto – Lobeira (Ourense), páx. 75 lenda referente ao Castro de Elviña (A Coruña), tal e como a recollera Leandro Carré Alvarellos en "As lendas tradicionais galegas". Nas páxinas 84 e 85 hai referencias ao Ciprianillo en contos sobre o Castro de Meire – Melide (A Coruña), o de Guitara – Saviñao (Lugo), o de Mourillos – Celanova (Ourense), Medeiros-Verín (Ourense), etc. que pola súa brevidade non citamos.
- 7.- Páxina web [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com), relato aportado por Serxio González Souro, referente ao lugar de Mosteiro, Parroquia de Guntimil, A Limia (Ourense), no que foron uns ingleses co Ciprianillo a cavar e botáronos a pedradas.

2.-Polo seu gran interese reproducimos integralmente como anexo a noticia que aparece no parrafeo do Tio Marcos da Portela xa que é prácticamente desconocida, non aparece citada en ningunha obra e recolle moitos dos elementos típicos (a herba cabreira, o de ler e desler o libro, a participación de curas e sabias, etc.) dos contos sobre a busca de tesouros co Ciprianillo.

No parrafeo nº 133 (20 de xuño de 1886) do ano 8, na primeira páxina co título CONTO D'O PINEIREIRO. Banco d'o ferrador d'Ababides 10 de Xunio de 1886:

"Amigo TIO MARCOS: farto d'andar co-a aguillada n-a mau e de turrar pol-o sacho, xeringado c'os trabucos, e mais cheo de fame que de fartura, deixei a pouca labranza que tiña encargada á muller, que por necesidade, para manterse e para manter os pequerrechos que lle piden pan e non -o traballan, ten que facer o oficio d'o home e collin o oficio de pineireiro, que, anque ando cargado c'os arcos, pésame pouco a tea, traballo de sentado, e como traballo pr'as mulleres, trátanme ben, para lle deixe boas as pineiras, e anque parecen, quedan o mesmo, ou mais rúis , para volver logo: cóntolle contos cando venen fieras ond'estou traballando, e tamen elas m'os contan á min, e apenas queda unha somana que non oya ler algun d'os seus parrafeos.

N-esta somana tocoume andar por estas aldeas e oubín moitos contos pero ;qué contos, santo Dios! Hoxe como chove e non teño traballo nin casa, debaixo d'este cobertizo e por riba d'o banco á beira d'a bigornia, onde baten as ferraduras e adoban os cravos para ferrar as bestas, púxenme a escribir os contos que oubín.

En Nocelo d'a Pena hay pedras esribidas que din craramente que ali estivo a cibade dos límicos que deu nome á Limia: c'o gallo d'a cibade aquela aldea e as vecñas, sempre soñaron c'os tesouros que quedaron enterrados ond'a cibade estaba e n-os arredores: por eso eles y-os seus vecinos de Vilaseca, teñen gastados os sachos que debían cavar as patacas, os pitos e petas que pr'o conto fixeron (si meteran os cartos en pan) en cavar en moitos sitios, pero mais n-us penedos que parten o térmeno d'as dúas aldeas, sin alcontrar mais que n-unha d'as buscas in anaco d'un cañón de tres cuartas que levou o que facía de ferreiro de Vilaseca, encargado d'esaminar n-a forxa, si o metal que alcontrasen era ouro ou prata ou cobre ou o que fose. Estes soños de que cuasque todos adoecen transmitidos pol-os seus antepasados teñenos por mais certos c'os artículos d'a fé: e tanto é así, que hay tres ou catro anos que un empregado d'a Academia veu tomar nota d'as antigüedades, si non foran os gardas civís, xa levarían unha boa chaqueta d'o concello que se xuntou para cortarla de pau de carballo: pois pr'os d'a aldea o libro d'apunte que aquiles traguián, era o libro d'o desencanto e os instrumentos d'o seu oficio, como inxenieiros, solo servían para quitar os tesouros: mais como non queren que ninguén ll'os veña quitar, co-a espranza d'eles algun dia alcontralos, por eso se xuntou o Concello para correllos forasteiros, e non foi posibre quitarles d'a chola que viñan á aquello, nin descansaron hasta que os viron fora d'o seu térmeno.

Haberá cousa d'un mes que andaba un home por estas aldeas, c'un faco pol-ramal, que compraba pelicas, vendía estampas e tixeiras e non sei que mais, y-é coñeci-

do c' o nome d'o d'as Tixeiras. Por este fixolles ver qu'él sabía d'o Ciprianillo, qu'era o libro que decía onde estaban os tesouros e como se habían de quitar; tratou co-eles y —encargouse de buscar o libro y-a herba d'a cabra (que todo hay en Portugal) pois sin a tal herba non sai o tesouro, herba, que botada n-o río marcha contra a corrente, e de buscar un cura que sepie leer e desler, pois si solo sabe ler roben todos ô aire hastra tal altura, que acabándose a virtude d'o ler can todos n-o chan e quedan feitos tortillas e para sempre en tortillas encantados; pero sabendo desler, ô desler volvían baixar como subiran sin se mancar. O cura debía ter moito valor, pois anque saise o culebron ou o touro ou o que fose d'o encanto, non había de fuxir nin parar de ler, pois si fuxía e non lia eran perdidos todos: tamén cumpría levar unha vela bendicida e ademais que fose d'as que arderon n-o santo sepultro o día de Xueves Santo: pero os maordomos que gardan a cera non queren creer n-aquelas bruxaría, e nunca lle quixerón dar a vela, que tamen s'encargou de traguer o d'as tixeiras.

Este deu principio propóndolle o nagocio ô cura de Vilaseca porqu'era d'os mais cercanos. O cura dixolle que iba, que lería e deslería, que non fuxiría anque viñesen mil culebrós, e que s'encargaba de levar a vela como ll'a pedían, e que renunciaba tamen a grande parte que lle podía tocar n'o tesouro; porque quería seis mil reas adiantados, e non sendo así que non iba: con que así fose pol-o libro e pol-a herba d'a cabra, e dempois de que lle contasen os seis mil reás, qu'iba á calquera hora que lles quixesen.

Foi o segundo buscado pol-o mesmo d'as tixeiras o mesmo señor abade de Nocelo, tamen se lle ofreceu o mesmo qu'ò de Vilaseca, qu'este solo lle pedía dous mil reas, pero adiantados. Agora solo falta que o d'as tixeiras traya o libro y-a herba d'a cabra y-encontrar quen adiante os dous mil reás pr'o de Nocelo que pol-o d'agora é o que fai mais barato.

Este seguindo a groma fixolles ver ós vecinos qu'el tiña o libro, e insinoulles un c'un mouro pintado e que tamen ten pintadas as moedas antigua, e comprometeuse mais, que si non saia o tesouro que abonaba él os dous mil reás. Co-este xa todos están convencidos qu'o seu señor abade sabe ond'están os moitos tesouros que hay n-o térmeno d'a freigresía. Dixoll'en confianza a us amigos que un d'os millores estaba n-a fonte d'o seu lameiro. En boa hora o dixo: dúas mañás despox alcontrouse con que lle cumplirían seis homes traballando seis días para compor o que lle estrozaran n-aquela noite.

Os de Viladerrey tamén lles propuso o d'as tixeiras que había tesouros n-o seu térmeno tamen caeron n-a gayola, pr'o con mais afan c'os de Nocelo e Vilaseca. Non agardaron á que trouxese o libro ya herba d'a Cabra. Sabido que había tesouro solo faltaba saber ond'estaba. Para eso foron ond'a sabia: ya sabía dixolle que nin precisaba cura ,nin vela, nin libro, ni herba d'a Cabra: qu'abondaba un home qu'entendese os números e sino qu'ela tiña; e para esto buscaron ô maestro d'a escola, y-os d'a comparsa, acompañados d'a sabia e d'o maestro d'escola, fórone de noite. A sabia había de botar e botou as cartas, que habían dicir ond'estaba o tesouro, y-o maestro había de botar e botou a pineira que había de sinalar o sitio certo ond'estaba; dempois que a sabia dixo pol-as cartas cale era o penedo, a pineira d'o maestro sinalou o lado, y-alí cavaron e qui-

taron a terra y-as pedras hasta que o penedo díxolle "atrás, d'eiquí non pasades." Voltáis cartas e voltá a pineira, e voltá a quitar terra y-as pedras, y-o teimudo d'o penedo nunca lles deu mis remposta que a mesma d'o principio "atrás, d'eiquí non pasades".

Cansad'a sabia de botar as cartas, o maestro de botar a pineira, e todos de cavar e quitar pedras, marcháronse para casa co rabo entr'as pernas fungando com'os gatos e maldicindo a mala sorte, e non sei si con intención de volver outra noite ou d'esperar que veña o d'as tixeiras co libro e co-a herba d'a Cabra, pois aquello non ten volta, solo que así ten mais con quen repartir, pois o dôno d'o libro non-o dá si non lle pagan ben, o que o vay buscar tamen quere á sua parte y-o que ten a herba d'a Cabra si sabe que ten esa virtú tamen a vernderá ben.

Con que, TIO MARCOS, ¿qué lle parece d'os contos que me contaron as mullerciñas d'estas aldeas en que traballei n-esta somana? Non me cabía un pau n-o corpo si non llo contaba a vostede para que si quer llo conte ós seus amigos, e os desengane, que non sean palanquis e non se deixen enganar d'esa maneira. Si queren facerse ricos, que se fagan gobernadores, ministros ou embaixadores, pois estoncés á conta d'o probe galego xa se farán ricos sin andar cavando de noite, nin quitando as pedras, nin botando cartas nin pineiras... Infelices! Quizais unha d'as pineiras novas qu'eu fixen en Viladerrey foi beilar ó monte, pois eu son can vello e xa sei d'esas andrómenas, e como debe ser nova a pineira, que nunca pasase fariña por-ela, porque si pasou xa non acerta tan ben. Pero tod'os pineireiros sabemos faguerlle unha cruz n-un sitio que non se conoce e como aquelas cousas son cousas d'o demo, a cruz fállas torcer e nunca poden saber a verdá.

Perdoe e mande ó seu compañoiro de monteira que saude lle desea e bícall'a mau.

O PINEIREIRO."